

2024

MEMORIA*****

INFORME DO REITOR*****
***** UNIVERSIDADE
AO CLAUSTRO***** DA CORUÑA


2024

MEMORIA*****

INFORME DO REITOR*****
***** UNIVERSIDADE
AO CLAUSTRO***** DA CORUÑA

Índice Memoria de Xestión 2024

Índice xeral.....	V	Capítulo 5. Recursos humanos	103
Índice de cadros.....	VII	Persoal docente e investigador (PDI)	
Introdución.....	XIII	Persoal técnico de xestión e de administración e servizos (PTXAS)	
Capítulo 1. A UDC en cifras	1	Persoal investigador (INV)	
Capítulo 2. Órganos de Goberno	3	Internacionalización	
Equipo reitoral		Capítulo 6. Xestión económica	111
Secretaría Xeral		Evolución do orzamento	
Xerencia		Liquidación do orzamento	
Claustro Universitario		Capítulo 7. Servizos.....	117
Consello Social		Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)	
Valedora Universitaria		Biblioteca Universitaria	
Consello de Goberno		Unidade Técnica de Calidade (UTC)	
Capítulo 3. Área académica.....	15	Informática e Comunicacóns (SIC)	
Estrutura		Servizo de Normalización Lingüística	
Oferta académica		Servizo de Apoio á Investigación (SAI)	
Resultados		Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo	
Seguimento		Asesoría Xurídica	
Bolsas e axudas		Cooperación e Voluntariado	
Internacionalización		Unidade de Atención á Diversidade (ADI)	
Capítulo 4. Área de investigación	87	Centro de Linguas	
Estrutura		Servizo de Publicacións	
Proxectos, contratos e financiamento		Extensión Universitaria	
Bolsas e axudas		Unidade de Divulgación Científica e Cultural	
Resultados e transferencia		Comunicación, Gabinete de prensa e Unidade de Medios Audiovisuais	
Centros de investigación			



Índice de cadros MEMORIA 2024

	Páxina
03 Área académica	
Estrutura	
3.1 Centros e decanos/as e directores/as	16
3.2 Departamentos e directores/as	17
3.3 Escola Internacional de Doutoramento	21
3.4 Universidade Sénior	21
3.5 Centro de Linguas	21
Oferta	
3.6 Oferta académica no curso 2024-2025. Graos	22
3.7 Oferta académica no curso 2024-2025. Programas de simultaneidade	23
3.8 Oferta académica no curso 2024-2025. Másteres	24
3.9 Oferta académica no curso 2024-2025. Programas de doutoramento	26
3.10 Oferta de titulacións non oficiais e formación complementaria en 2023-2024 / 2024-2025	27
Resultados	
<i>Ensinanzas oficiais</i>	
3.11 Estudantado da UDC no curso 2024-2025	28
3.12 Evolución da matrícula total na UDC	29
3.13 Estudantado de novo ingreso en graos da UDC en 2024-2025	29
3.14 Estudantado egresado da UDC en 2023-2024	30
3.15 Estudantado de grao en 2024-2025 por titulación	31
3.16 Estudantado de másteres oficiais en 2024-2025	33
3.17 Estudantado de programas de doutoramento en 2024-2025	35
3.18 Egresados/as en 2023-2024 por titulación. Grao	36
3.19 Egresados/as en 2023-2024 por titulación. Máster	38
3.20 Teses lidas en 2023-2024 por programa e sexo	40
3.21 Matrícula en graos en 2024-2025 por procedencia	41
3.22 Evolución da matrícula nos graos	42
3.23 Evolución da matrícula nos másteres oficiais	44
3.24 Evolución da matrícula nos programas de doutoramento	46
3.25 Evolución do alumnado de novo ingreso por titulación	47
3.26 Evolución do número de graduados/as por titulación	49
3.27 Evolución do número de egresados/as de másteres por titulación	51
3.28 Evolución do número de teses de doutoramento defendidas	53
3.29 Taxas de rendemento, éxito e avaliación en 2023-2024	54
3.30 Taxas de eficiencia, éxito e avaliación de egresados en 2023-2024	56

	Páxina
Ensinanzas non oficiais	
3.31 Matrícula en estudos propios en 2023-2024	58
3.32 Evolución da matrícula na Universidade Sénior	58
3.33 Matrícula en actividades de formación complementaria en 2024-2025	59
Seguimento	
Guías docentes	
3.34 Evolución da implantación de títulos	60
3.35 Evolución do número de títulos implantados	60
3.36 Evolución dos cursos, materias e guías implantados en graos	60
3.37 Evolución da porcentaxe de graos implantados por cursos	61
3.38 Evolución da porcentaxe de guías elaboradas por graos implantados	61
3.39 Evolución dos cursos, materias e guías elaborados en másteres	62
3.40 Porcentaxe de guías elaboradas por cursos de másteres implantados	62
Avaliación docente	
3.41 Participación na avaliación docente en 2023-2024	62
3.42 Participación do profesorado na avaliación docente en 2023-2024 por departamento	63
3.43 Participación do alumnado na avaliación docente en 2023-2024 por centro	64
Bolsas e axudas	
3.44 Bolsas do programa xeral e de mobilidade do Ministerio de Educación	65
3.45 Bolsas do Ministerio de Educación para colaboración en departamentos	65
3.46 Evolución do número de bolsas UDC-Santander para estudos de máster	65
3.47 Evolución do número de bolsas propias da UDC	65
3.48 Evolución da contía das bolsas propias da UDC	65
3.49 Evolución das bolsas da UDC para situacións de dificultades económicas	66
3.50 Prazas nas residencias públicas da UDC en 2023-2024	66
3.51 Bolsa comedor 2023-2024	66
3.52 Evolución do número e contía dos Premios á Excelencia UDC á mellor nota de admisión nos graos en 2023-2024	66
3.53 Premios á Excelencia UDC á mellor nota de admisión nos graos en 2023-2024	67
3.54 Premios Extraordinarios Fin de Grao en 2023-2024	68
3.55 Premios Extraordinarios Fin de Máster en 2023-2024	70
3.56 Premios Extraordinarios de Doutoramento en 2023-2024	73
Internacionalización	
3.57 Mobilidade internacional do estudantado en 2023-2024	73
3.58 Mobilidade internacional do estudantado por centros en 2023-2024	74
3.59 Mobilidade internacional do alumnado por países en 2023-2024	75
3.60 Procedencia do alumnado da International Summer School en 2024 na Coruña	77
3.61 Participación nos programas de mellora das competencias lingüísticas	78
3.62 Participantes no programa de profesorado visitante procedente de países de fala inglesa	78
3.63 Evolución do número de axudas para a internacionalización	78
3.64 Evolución do alumnado estranxeiro matriculado na UDC	78
3.65 Alumnado estranxeiro matriculado en estudos regulares na UDC en 2024-2025 por nacionalidade	79
3.66 Alumnado estranxeiro matriculado en estudos regulares na UDC en 2024-2025 por ciclo	81
3.67 Alumnado estranxeiro matriculado en estudos regulares na UDC en 2024-2025 por centro	83

	Páxina
3.68 Evolución do profesorado que imparte materias con docencia en inglés	84
3.69 Evolución do número de materias e créditos ofertados en inglés	84
3.70 Evolución do número de estudantes matriculados en titulacións bilingües	85
04 Área de investigación	
Estrutura	
4.1 Centros de investigación	88
4.2 Fundacións con convenio de colaboración para a xestión delegada de actividades de investigación	89
4.3 Axudas autonómicas vixentes a unidades de investigación competitivas en 2024	89
Proxectos, contratos e financiamento	
4.4 Evolución dos recursos externos captados pola UDC para investigación	90
4.5 Evolución dos recursos captados en proxectos competitivos pola UDC para investigación	90
4.6 Número de contratos e convenios de investigación da UDC con empresas e administracións públicas	91
4.7 Importe dos contratos e convenios de investigación con empresas e administracións públicas	91
Bolsas e axudas	
4.8 Evolución das bolsas e contratos de investigación por sexo	92
Resultados e transferencia	
4.9 Producción da UDC na base de datos Web of Science	94
4.10 Evolución dos resultados da investigación xerada na UDC e protexidos pola propiedade industrial e intelectual	94
4.11 Ingresos por licenzas de tecnoloxías ou coñecemento xerado na UDC	94
4.12 Empresas baseadas en coñecemento (EBC) creadas e/ou participadas pola UDC	94
4.13 Cátedras e aulas institucionais en 2024	95
4.14 Captación de talento e solicitudes ao European Research Council en 2024	95
4.15 Evolución do número de sexenios dos corpos docentes universitarios	95
4.16 Sexenios do corpo docente universitario en 2024	95
Centros de investigación	
CITIC	
4.17 Evolución dos recursos de I+D+i xestionados polo CITIC segundo procedencia	96
4.18 Evolución dos recursos xestionados polo CITIC segundo tipoloxía de proxecto	96
4.19 Evolución da produción científica e tecnolóxica do CITIC	96
4.20 Evolución do equipo científico e de xestión do CITIC	96
CITEEC	
4.21 Proxectos de investigación y contratos con empresas con soporte no CITEEC	97
4.22 Evolución do financiamento de proxectos e convenios con soporte no CITEEC	97
4.23 Integrantes dos grupos de investigadores e persoal técnico adscritos ao CITEEC segundo sexo	98
4.24 Proxectos e convenios acadados nos grupos de investigación do CITEEC segundo sexo	98
CITENI	
4.25 Evolución do orzamento executado polos grupos do CITENI	99
4.26 Proxectos de investigación, contratos de asistencias técnicas, y número de empresas con que traballaron os grupos do CITENI	99
4.27 Persoal vinculado ao CITENI en 2024 segundo sexo	100
CICA	
4.28 Evolución das principais cifras do CICA	101
4.29 Persoal do CICA en 2024 segundo sexo	101

	Páxina
4.30 Evolución de investigadores/as con axudas ou bolsas no CICA	101
4.31 Evolución do número e o importe dos proxectos do CICA	102
4.32 Participación nos proxectos do CICA en 2024 por sexo	102
4.33 Evolución do número e o importe dos contratos e convenios do CICA	102
05 Recursos humanos	
Persoal docente e investigador (PDI)	
5.1 Profesorado en 2024 (decembro) por categoría, sexo e dedicación	104
5.2 Persoal docente e investigador en 2024 segundo réxime xurídico	104
5.3 PDI doutor en 2024 por centro	105
5.4 Evolución dos corpos docentes universitarios	106
5.5 PDI por grupo de idade e sexo en 2024	106
5.6 PDI por categoría, sexo e grupo que en 5 anos terán 60, 65 e 70 anos	107
Persoal técnico de xestión e de administración e servizos (PTXAS)	
5.7 PTXAS funcionario en 2024 por escala, sexo e grupo	107
5.8 Evolución do PTXAS por tipo de persoal	107
Persoal investigador (INV)	
5.9 Persoal investigador en 2024 por categoría e sexo	108
5.10 Evolución do persoal administrativo contratado en proxectos de investigación	108
5.11 Evolución do persoal técnico de apoio contratado en proxectos de investigación, por sexo	108
Internacionalización	
5.12 Evolución do número de participantes en Erasmus STT (formación) (PTXAS+PDI)	109
5.13 Evolución da mobilidade do PDI do programa Erasmus STA	109
5.14 Evolución do número de investigadores/as visitantes	110
06 Xestión económica	
6.1 Evolución xeral do orzamento da UDC no período 2020-2024	112
6.2 Evolución do orzamento da UDC por capítulos	113
Liquidación do orzamento	
6.3 Liquidación do estado de ingresos do exercicio 2023	114
6.4 Liquidación do estado de gastos do exercicio 2023	114
6.5 Estado do remanente de Tesouraría	115
07 Servizos	
Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)	
7.1 Tráfico de visitas á páxina web do CUFIE (setembro 2023 - xullo 2024)	118
7.2 Formación virtual e a distancia no curso 2023-2024	118
7.3 Participación nos cursos de apoio á aprendizaxe no curso 2023-2024	118
7.4 Participación no Plan de apoio ao doutoramento e á investigación	119
7.5 Participación no Plan de Formación Inicial en 2023-2024	119
7.6 Programas de apoio ao ensino no curso 2023-2024	119
7.7 Formación ofertada polo CUFIE en colaboración con outros servizos no curso 2023-2024	119
7.8 Número de proxectos e experiencias de Aprendizaxe-Servizo presentados en 2023-2024	120
7.9 Grupos de Innovación Educativa presentados en 2023-2024	120
7.10 Cursos Mooc da UDC impartidos en 2023-2024	120
7.11 Sesións formativas en directo en 2023-2024 en Obradoiros adicados a ferramentas Microsoft 365	120

	Páxina
Biblioteca Universitaria	
7.12 Evolución do gasto total en fondos bibliográficos e documentais 2020-2024	121
7.13 Evolución do investimento da UDC en revistas e bases de datos 2020-2024	121
7.14 Evolución de usuarios, persoal e instalacións da Biblioteca Universitaria 2020-2024	121
7.15 Evolución das coleccións e dos recursos da Biblioteca Universitaria 2020-2024	122
7.16 Evolución do uso de servizos da Biblioteca Universitaria 2020-2024	123
7.17 Evolución dos indicadores básicos da Biblioteca Universitaria 2020-2024	123
7.18 Evolución do número de usuarios por sectores 2020-2024	123
Unidade Técnica de Calidade	
7.19 Informes anuais de seguimento por título presentados e recibidos en 2024	124
7.20 Graos e Másteres Universitarios e Programas Oficiais de Doutoramento da UDC, ou que coordina esta, que renovaron a súa acreditación en 2024	124
7.21 Centros que acadaron a avaliación positiva do deseño do SGC en 2024	125
7.22 Participación do profesorado na XIII convocatoria do Programa Docencia	125
7.23 Certificacións e acreditacións por normas ISO en 2024	125
Informática e Comunicacions (SIC)	
7.24 Evolución da actividade do Servizo de Informática e Comunicacions	126
Servizo de Normalización Lingüística	
7.25 Evolución do asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística 2020-2024	130
7.26 Cursos de lingua para profesorado en 2023-2024	130
7.27 Axudas á investigación en lingua galega en 2024	130
7.28 Evolución das axudas a traballos de investigación en lingua galega 2020-2024	130
Servizo de Apoio á Investigación (SAI)	
7.29 Evolución do número de mostras rexistradas no SAI	131
7.30 Evolución do número de mostras segundo o tipo de usuario	131
7.31 Distribución porcentual das mostras do SAI en 2024 segundo o tipo de usuario	131
7.32 Distribución das mostras do SAI en 2024 segundo departamento	132
7.33 Análises realizadas polo SAI en 2024 por áreas da UDC	133
7.34 Outros datos de interese dos SAI en 2024	134
Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo	
7.35 Asentos realizados polo Rexistro da UDC en 2024	134
7.36 Asentos realizados polo Rexistro telemático da UDC en 2024	134
7.37 Certificados FNMT rexistrados pola UDC en 2024	134
Asesoría Xurídica	
7.38 Apuntamentos en 2024	135
Procedementos xudiciais	
7.39 Procedementos iniciados e finalizados en 2024	135
7.40 Resolucións finalizadoras dos procedementos en 2024	135
7.41 Orde xurisdicional contencioso-administrativa en 2024	136
7.42 Orde xurisdicional social en 2024	137
7.43 Orde xurisdicional penal en 2024	137
7.44 Orde xurisdicional civil en 2024	137
7.45 Evolución do número de procedementos 2020-2024	138

	Páxina
<i>Función consultiva / asesora</i>	
7.46 Actuacións da Asesoría Xurídica en 2024	138
Cooperación e Voluntariado	
7.47 Voluntariado por eido de actuación no campus da Coruña e Ferrol en 2024	139
7.48 Proxectos de Aprendizaxe e Servizo (Aps)	139
Unidade de Atención á Diversidade (ADI)	
7.49 Evolución dos beneficiarios con exención de taxas por discapacidade	139
Centro de Linguas	
7.50 Estudantes matriculados en cursos do Centro de Linguas en 2024	140
7.51 Evolución da matrícula global no Centro de Linguas	140
7.52 Número de estudantes de linguas estranxeiras en 2024 por idiomas	141
7.53 Número de estudantes de linguas estranxeiras en 2024 por campus	141
7.54 Matrícula en actividades complementarias do Centro de Linguas en 2024	141
Servizo de Publicacións	
7.55 Principais datos do Servizo de Publicacións en 2024	142
7.56 Evolución das consultas de revistas electrónicas en 2024	142
7.57 Evolución do número de publicacións da UDC	142
7.58 Evolución do intercambio de libros e revistas do Servizo de Publicacións	143
7.59 Evolución das vendas do Servizo de Publicacións	143
Extensión Universitaria	
7.60 Principais cifras na Área de Deportes en 2024	144
7.61 Participación nos campamentos de cultura e deporte en 2024	144
7.62 Relación de colaboracións económicas concedidas segundo a convocatoria de axudas para a celebración de xornadas, simposios e ciclos de conferencias con data 8 de febreiro de 2024	145
7.63 Cursos de Verán acollidos á convocatoria de axudas para a realización de Cursos de Verán 2024 da UDC convocada con data do 18 de decembro de 2023	146
7.64 Cursos de Extensión Universitaria aprobados pola Comisión de Extensión Universitaria - Curso 2024/2025, realizados no 2024	146
Unidade de Divulgación Científica e Cultural	
7.65 Actividades ca súa participación e impacto da Unidade de Divulgación Científica e Cultural	147
Comunicación, Gabinete de prensa e Unidade de Medios Audiovisuais	
7.66 Número de producións de eventos e audiovisuais publicadas da Unidade de Medios Audiovisuais	148
7.67 Volume de accións cos medios de comunicación	148
7.68 Actividade en redes sociais	148

Introdución

Cumprindo o mandato estatutario, que establece que o reitor debe render contas ante o Claustro cunha memoria anual de xestión, presento nas páxinas que seguen a correspondente ao ano 2024. Como en ocasións anteriores, xunto cos cadros que reflicten a actividade da comunidade universitaria, incluimos un texto introdutorio, analítico e explicativo que pretende facilitar a contextualización dos datos aquí recollidos.

■ OFERTA ACADÉMICA

Na actualidade, a Universidade da Coruña conta cunha oferta docente consolidada, renovada e preparada para dar resposta con garantía ás necesidades e aos requirimentos presentes e para afrontar os futuros. A UDC está en condicións de desempeñar un papel decisivo na acción educativa e cultural que demande a sociedade. Bo exemplo disto son as titulacións de grao, implantadas nos últimos cursos, algunhas pioneiras no Sistema Universitario de Galicia (SUG) e no Sistema Universitario Español polas competencias que lle outorgan ao estudantado, polo seu modelo organizativo, polas metodoloxías empregadas e pola súa vinculación á contorna socioeconómica do territorio. Por todo iso, e polas súas características diferenciadas, moitas das titulacións da UDC están a se consolidar como un referente educativo, tanto dentro do sistema universitario galego como a nivel estatal.

No curso 2024-25, a Universidade da Coruña ofertou 43 graos nas diferentes ramas e ámbitos de coñecemento, 7 programas de simultaneidade e 2 graos abertos. Algunhas das titulacións que conforman o catálogo de graos da UDC son únicas no Sistema Universitario Ga-

lego. Cómpre destacar, ademais, a concesión do Selo de Grao de Excelencia por parte da Xunta de Galicia aos graos en Enxeñaría Informática e Fisioterapia, un recoñecemento á súa calidade académica. A oferta de másteres universitarios combina especialización, visión global e innovación. Trátase dunha oferta ampla e equilibrada, con 65 propostas pertencentes a distintas ramas e ámbitos de coñecemento. Neste curso comezaron a se impartir 2 novos másteres interuniversitarios: Biofabricación e Internet das Cousas - IoT e un máster oficial propio: Tecnoloxía Téxtil e Moda Sustentable; mentres que se suprimiu da oferta o Máster en Materiais Complexos: Análise Térmica e Reoloxía. Así mesmo, é importante salientar que a calidade dos másteres da UDC se viu novamente recoñecida pola concesión do Selo de Máster Universitario Excelente ao Máster en Dirección e Administración de Empresas, na quinta convocatoria desta distinción outorgada pola Xunta de Galicia. Con esta nova distinción, a UDC consolídase como a universidade do Sistema Universitario Galego con maior número de selos de excelencia, ao contar con nove dos catorce concedidos até o momento.

Canto á evolución da matrícula nas diferentes titulacións da UDC mantívose en cifras similares ás do curso anterior. O número de estudantes de grao experimentou un curso máis un lixeiro ascenso ao pasar de 13 746 matriculados/as no curso 2023-24 a 13 915 no 2024-25. No caso do máster, tras pequenas diminucións nos dous últimos cursos, a matrícula aumentou de novo no 2024-25 e acadou os 2 352 estudantes, a cifra máis elevada rexistrada ata o momento. Esta evolución confirma a tendencia de crecemento sostido da última década, cun incremento acumulado próximo ao 50 % respecto ao curso 2014-15.

Estamos, pois, nunha fase de consolidación da estrutura completa das titulacións. O desenvolvemento pleno desta nova estrutura fai necesaria a actualización das súas normativas académicas, co obxectivo de adaptarse ás necesidades organizativas e de recursos dos centros, á protección dos dereitos do estudantado, así como aos cambios introducidos pola lexislación estatal e autonómica. Neste contexto, destaca a posta en marcha da nova normativa que regula a modalidade docente dos estudos de grao e máster, destinada a definir os aspectos diferenciadores das titulacións presenciais, híbridas e virtuais; así como a aprobación da normativa de progresión e permanencia do estudantado, orientada a responder ás demandas da sociedade actual. Estas medidas enmárcanse no esforzo de adaptación ao Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e o procedemento de aseguramento da súa calidade. Así mesmo, proseguíuse coa posta en marcha do novo software de xestión académica, SIGMA Academic. Despois de levar a cabo, durante o curso 2021-22, o preproxecto de implantación, no curso 2022-23 iniciouse a implantación do software nos procesos vinculados ao ciclo de vida dos másteres universitarios, e no curso 2023-24 ampliouse ás titulacións de grao da Facultade Filoloxía. Implantáronse con éxito procesos de preinscrición, matrícula, expedientes, actas, enquisas de avaliación, entre outros, o que implicou varios servizos da UDC, os equipos directivos das diferentes facultades e escolas, así como a comunidade. No vindeiro curso completárase a implantación nos ciclos de vida dos graos restantes, dos programas de doutoramento e dos títulos propios da UDC.

No eido dos títulos propios, a oferta de posgrao foi de seis másteres de formación permanente, un diploma de especialización e un diploma de experto, ademais de dous cursos de formación específica e dúas microcredenciais. Un feito relevante a nivel nacional e a posta en marcha do Plan Microcreds que é un plan, impulsado pola Comisión Europea, para o desenvol-

vemento de microcredenciais universitarias, que se vehiculará a través das comunidades autónomas. Estívose a traballar na adopción das Orientacións para o deseño e acreditación das Microcredenciais Universitarias froito do traballo realizado polo grupo de traballo CRUE-RUEPEP. A UDC participou como universidade socia no proxecto Certidigital cuxo obxectivo é o desenvolvemento dun servizo de certificación dixital para o Sistema Universitario Español no marco do EEES. Aprobouse na Comisión de Estudos Propios o Sistema Interno de Garantía de Calidade que foi remitido a ACSUG para a súa avaliación. Por outra banda, a Comisión Executiva do Consello Social do 29/05/2024 aprobou, entre outras, as tarifas e taxas administrativas aplicables os Estudos Propios na UDC.

Canto á área de calidade, continuouse coa revisión da adaptación da documentación dos Sistemas de Garantía de Calidade (SGC) que diversos centros —en concreto, oito— están a levar a cabo. Desde a Unidade Técnica de Calidade déuselles apoio aos centros, á Unidade de Estudos Propios e á Escola Internacional de Doutoramento nos procesos de deseño e modificación dos SGC. Revisouse a documentación dos SGIC da Facultade de Ciencias da Saúde e da Facultade de Economía e Empresa para a súa renovación, e proporcionouse asesoramento na elaboración dos autoinformes, así como na recompilación de evidencias e indicadores necesarios para os procesos de seguimento anual de titulacións e renovación da acreditación. Revisáronse 9 autoinformes de renovación de acreditación (correspondentes a 2 graos, 6 másteres e 1 programa de doutoramento). Así mesmo, prestouse apoio na elaboración de accións de mellora e alegacións en resposta aos informes provisionais emitidos pola ACSUG no marco do seguimento anual e da renovación da acreditación. Cómpre indicar tamén que no ano 2024 se publicou a XIII Convocatoria do Programa Docentia, na que se avaliaron un total de 142 docentes. Os resultados obtidos permiten facer unha valoración positiva: un

58,45 % do profesorado acadou unha cualificación de desempeño excelente (43 docentes recibiron o correspondente certificado de excelencia) e un 38,73 %, de desempeño notable.

Durante o curso 2023-24, o Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) mantivo a súa aposta pola formación permanente do profesorado e do estudantado da UDC, a través dos diferentes plans formativos que ofrece e que permiten realizar boa parte das actividades en formato virtual, tanto síncrono como asíncrono. Unha das principais novidades deste curso foi a posta en marcha do Plan de Formación para Axudantes Doutores/as (PFAXD), que dá resposta aos requirimentos da LOSU. A través dos seus 16 módulos, este plan aborda as competencias docentes que o profesorado debe desenvolver nos primeiros anos de docencia universitaria.

No ámbito da innovación docente, o CUFIE, en colaboración coa Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV), publicou unha nova convocatoria de proxectos de Aprendizaxe e Servizo, que culminou coa certificación de 60 proxectos, en colaboración cun total de 145 entidades receptoras conveniadas. Esta cifra supón un incremento de 8 proxectos respecto ao curso 2022-23.

Ao abeiro da Normativa de avaliación e recoñecemento de grupos de innovación docente (GID) da UDC, resolveuse a V convocatoria, á que se presentaron 9 grupos, cun total de 69 integrantes rexistrados. Tras a avaliación realizada pola Comisión Asesora de Innovación Docente, 8 GID acadaron a categoría de “consolidados” e 1 a de “en vías de consolidación”.

Como mostra do compromiso do PDI coa innovación docente, cómpre salientar a elevada participación na I Xornada Interuniversitaria Galega de Innovación Docente (XIGAID), organizada en colaboración coas universidades públicas do SUG e celebrada na UDC en outubro do 2023. Do total de 333 inscricións, 210

foron de persoal docente da UDC, que presentou 75 comunicacións e obtivo os tres premios nas modalidades convocadas.

No curso 2023-24 tamén se consolidou o uso da plataforma de formación en aberto UDC Aberta (<https://udcaberta.udc.gal/>), posta en marcha o curso anterior. A través desta plataforma impartíronse 9 cursos MOOC, cun total de 1 800 persoas inscritas, tanto da UDC como doutros países. O número de persoas que superaron os cursos foi de 1 078, o que supón unha taxa de finalización do 60 %, un dato extraordinario neste tipo de formación aberta.

Finalmente, no marco do proceso de transición cara á nova ferramenta de xestión académica, SIGMA Academic, o CUFIE deseñou guías docentes cunha estrutura máis sinxela e adaptadas ao Real decreto 822/2021. Como parte dun proxecto piloto, as guías docentes do curso 2024/25 foron implantadas nas titulacións da Facultade de Filoloxía, onde se organizaron obradoiros presenciais dirixidos ao profesorado, co obxectivo de facilitar a súa edición na nova plataforma.

No curso académico 2024-25, a Universidade Sénior contou con 944 persoas matriculadas: 617 no campus da Coruña e 327 no de Ferrol. A súa oferta formativa estruturouse nos programas de Grao Sénior e Formación Específica para egresados, completada con seminarios e obradoiros. No Grao Sénior, impartíronse 21 materias na Coruña e 17 en Ferrol, mentres que os programas de Formación Específica incluíron 9 materias en cada sede.

Como novidade, a sede da Coruña acolleu o novo programa de posgrao *Patrimonio Cultural: Coñecemento, Conservación e Difusión*, dirixido a titulados sénior. Ademais, incorporouse o Programa Introductorio *Explorando o Coñecemento*, destinado a persoas en lista de agarda para o Grao Sénior, que ofrece unha primeira experiencia universitaria durante un curso académico.

A Universidade Sénior reafirmou o seu compromiso coa aprendizaxe ao longo da vida a través do *Proxecto de Democratización do Coñecemento*, con edicións desenvolvidas en Costa da Morte, Betanzos, As Pontes, Ortigueira, Arteixo e Carballo. Desde 2018, o proxecto suma 27 edicións e máis dun milleiro de participantes, achegando formación universitaria a diversas comarcas da contorna.

■ INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

Durante o ano 2024 lográronse avances moi significativos no ámbito da investigación e a transferencia.

A rede de centros CIGUS, da que só formaba parte o CITIC no que respecta á UDC, conta agora co CICA, como membro de pleno dereito e como membro colaborativo co CITEEC. Ademais, o centro interuniversitario ECOBAS tamén é un centro colaborativo. Desde a rede de centros e unidades de investigación (REDCIDi) da UDC, estase a traballar para uniformizar as boas prácticas en xestión e captación de talento, que levaron ao éxito do CITIC e do CICA, na totalidade dos centros de investigación, co obxectivo de que na próxima convocatoria todos os centros da UDC adquiren a acreditación CIGUS.

Unha das demandas máis recorrentes das persoas investigadoras durante os últimos anos foi a xestión dos proxectos internacionais de investigación. É importante remarcar que a captación de fondos en convocatorias internacionais creceu dun modo notable nos últimos anos, ata estabilizarse en cifras por riba dos 5 M€ nos últimos dous exercicios. Historicamente, este crecemento non se viu acompañado por un incremento no persoal da oficina, o que se materializou en problemas de xestión. Durante o ano 2024 fortaleceu-se a Oficina de Proxectos Internacionais (OPI), e este proceso continuárase durante 2025 ata lograr unha xestión eficiente dos proxectos, que incentive os/as

IP a continuar na senda de crecemento de peticións e éxito nas convocatorias.

Isto é aplicable tamén aos proxectos unipersoais (ERC, MSCA, RyC etc) que se canalizan na Oficina de Captación de Persoal Investigador (OCPI) e que tamén acredita unha senda de crecemento moi importante nos últimos anos (31 contratos RyC desde 2017, como exemplo). Convén resaltar que tanto a OCPI como a OPI solicitaron e conseguiron axudas estatais para a mellora dos seus respectivos servizos, con dotacións por encima dos 100 000€ en cada caso.

A OTRI solicitou e logrou a súa acreditación estatal como Oficina de Transferencia de Coñecemento (OTC), o que constitúe un fito importante e leva consigo o seu cambio de denominación. A iniciativa destas solicitudes xurdiu do persoal das oficinas, o que mostra a súa proactividade e o seu compromiso, extensivo a todos os servizos e oficinas dependentes da VIT.

Nesta memoria pódese apreciar unha variación importante na presentación dos recursos externos captados pola UDC. A cifra global, por encima dos 34 M€ en 2024, contrasta cun histórico cuxo máximo nunca superou os 20 M€. Este incremento débese ao crecemento nalgúns partidas, como as axudas a grupos, á imputación das axudas de centros de investigación CIGUS ao ano de concesión (2024), e sobre todo, á visibilización de recursos externos que non se incluían en informes anteriores, por exemplo os ingresos por cátedras ou os ingresos por convenios singulares de I+D+i asinados con institucións e empresas, e que se tramitan directamente na vicexerencia de investigación e o EXI (axudas vinculadas a fondos NG, cátedra ENIA, INCIBE etc.). Dado o volume crecente destes convenios singulares, crearase unha unidade específica para a xestión de convenios e proxectos singulares, con sede no EXI.

A produción científica da UDC no que ten que ver con artigos, patentes ou creación de *spin-offs* mantívose durante 2024 en cifras similares ás de 2023. A visibi-

lización dos indicadores bibliométricos é agora máis sinxela e directa a través do novo Portal da Investigación, que capta os datos directamente das fontes primarias (WoS, por exemplo). Neste proceso cabe destacar o traballo do Servizo de Biblioteca da UDC.

Nun futuro inmediato, o portal tamén achegará datos de proxectos, contratos e convenios. Para iso, estase a traballar coas oficinas (SERIN, EXI, OPI) para incluír os méritos, de modo que os/as IP non teñan que cubrir os méritos na plataforma SUXI, senón que a maioría de méritos se transfiran de modo directo. A este respecto, desenvolvéronse aplicacións informáticas para a xestión dos contratos e os convenios.

Promovéronse iniciativas de mellora tanto na optimización da configuración dos grupos de investigación (programa Agrupa), como na relación entre a universidade e a empresa. Modificáronse os regulamentos de formulación de contratos Art. 60 e de creación de empresas baseadas no coñecemento, e púxose en marcha un ambicioso programa de fidelización das empresas coas que a UDC ten relacións no ámbito da I+D+i (programa UDC Conecta) cuxos froitos se materializarán en 2025.

Adaptouse a regulamentación dos estudos de doutoramento á lexislación vixente e simplificáronse os procedementos administrativos, como paso previo á xestión informatizada dos trámites de lectura de teses de doutoramento. Todos os novos regulamentos foron redactados a partir de procesos participativos.

Elaborouse unha normativa de contratación do persoal contratado para tarefas de investigación moito máis áxil e que incorpora dereitos das persoas traballadoras. As condicións laborais deste colectivo están a ser negociadas cos representantes laborais para establecer un marco laboral digno.

Acondicionouse a planta -4 do edificio ESCI como un espazo de traballo colaborativo, con salas de reunións

e habilitouse neste a sede dos centros interuniversitarios de investigación (ECOBAS, CISPAC, CITMAGa). Tamén se habilitou e legalizou o animalario do CICA, o que implicou a conformación dun Comité de Ética de Experimentación Animal.

■ ORZAMENTO

A finais do ano 2023 a Universidade da Coruña aprobou unha prórroga do seu orzamento para o exercicio 2024. Aínda que, nominalmente, o total do orzamento pasaba de 168,4 millóns de euros a 184,4 millóns, estas cantidades non son directamente comparables, debido a un cambio metodolóxico relativo á cuantificación dos recursos captados en proxectos e convenios, que pasaron a agregarse en grandes partidas, incluíndo estimacións globais das posibilidades de captación ao longo do exercicio. As previsións de ingresos procedentes do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia, que pasaron de 114 no orzamento de 2023 a 118 millóns de euros no de 2024, proporcionan un indicador máis preciso da evolución real dos recursos dispoñibles. Cómpre salientar que o crecemento vexetativo dos gastos de persoal orzados absorbía a práctica totalidade da variación anual destes ingresos.

No ano 2024 púxose de manifesto un desequilibrio financeiro na Universidade que impediu aprobar un novo orzamento equilibrado e realista, polo que se mantivo vixente o orzamento prorrogado, mentres se iniciaba a senda na procura de restablecer o equilibrio. Neste sentido, no Claustro do 17 de abril de 2024 anunciábanse actuacións en tres liñas fundamentais: a restrición do gasto, cunha retención xeral do 30 % dos créditos iniciais (excluídos gastos de persoal, gastos con financiamento afectado e contratos vixentes); a procura de recursos adicionais da Administración autonómica a través de convenios; e a revisión dos investimentos en infraestruturas para axustalas ás necesidades máis urxentes.

A liquidación do orzamento de 2023 cuantificou o desequilibrio financeiro. O remanente de tesouraría non afectado, que recolle o aforro acumulado, ofrecía ao remate dese ano un valor negativo de 13,1 millóns de euros. A principal diverxencia respecto do orzado atópase pola banda dos ingresos: nese exercicio os ingresos non afectados liquidados (capítulo 3 de Taxas e outros, e Plan de Financiamento) foron inferiores aos orzados en 3,9 millóns de euros, e os ingresos en convenios específicos (I+D+i) estiveron 4,5 millóns por baixo do previsto.

O importe do remanente de tesouraría non afectado negativo obriga a realizar un rigoroso axuste plurianual, xa iniciado no ano 2024. Non obstante, o remanente de tesouraría total positivo, de 15,4 millóns de euros, garante a solvencia da institución a curto e medio prazo.

A análise realizada na presentación da liquidación de 2023 aos Consellos de Goberno e Social e na programación plurianual presentada ao Claustro en 2024 pon de manifesto o desequilibrio entre os ingresos e gastos ordinarios da institución. Os ingresos non finalistas liquidados foron de 130,1 millóns de euros (114,2 millóns do Plan de Financiamento do SUG e 15,9 millóns do capítulo 3, principalmente de taxas), o cal apenas cobre os 129,4 millóns en gastos de persoal e en bens e servizos (capítulos 1 e 2). Pero, ademais destes gastos correntes, o funcionamento normal da universidade implica gastos en bolsas, axudas e gastos consorciados (capítulo 4) e investimentos en reformas, mobiliario, equipamento científico e informático, e biblioteca, entre outros (capítulo 6). Os gastos sen financiamento afectado nos capítulos 4 e 6 sumaban 8,6 millóns de euros no orzamento de 2023.

A análise a longo prazo confirma o carácter estrutural do desequilibrio financeiro. Resulta moi ilustrativa a comparación do exercicio económico de 2023 co

de 2009, ano no que orzamento da UDC acadou un máximo. Obviamente, para comparar as cifras cómpre facer os axustes segundo o IPC, que nese período medrou un 28,6 %. O orzamento inicial pasou de 2009 a 2023 de 137,8 a 168,4 millóns de euros nominais, o cal, corrixindo pola inflación, en termos reais reduciuse nun 4,9 %.

Os gastos de persoal liquidados pasaron de 86,5 millóns de euros en 2009 a 111,2 millóns en 2023. Isto supón unha variación do 28,4 %, na liña da inflación, o que amosa contención, xa que o aumento da idade do persoal xera un crecemento vexetativo dos emolumentos. No caso do gasto en bens e servizos, o axuste foi fortísimo: pasou neses 14 anos de 18,2 millóns de euros a 18,4, o que equivale a un recorte real do 21,3 %, unha vez considerado o IPC. Tomando o conxunto do gasto nos capítulos 1 e 2, os 129,4 millóns de euros liquidados en 2023 supoñen unha redución en termos reais do 3,8 % sobre o executado en 2009.

Os ingresos totais liquidados en 2023 medraron, nominalmente, un 15,9 % respecto do ano 2009, un crecemento que é practicamente a metade do que experimentou o IPC. Centrándonos nos ingresos non afectados, cruciais para o equilibrio das contas, o incremento foi só dun 13,2 %: os ingresos do Plan de Financiamento creceron un 16,9 %, mentres que os do capítulo 3 se reduciron nun 7,6 %, como consecuencia da evolución da pirámide poboacional e dunha conxelación dos prezos de matrícula pola que as universidades non recibiron compensación ningunha. Eliminado o efecto das variacións dos prezos, os ingresos non afectados reducíronse un 12 % real de 2009 a 2023. Se os 114,9 millóns de euros de ingresos non afectados do ano 2009 se actualizasen coa inflación, equivalerían a 147,8 millóns en 2023, o cal suporía dispor, só nese exercicio, de 17,7 millóns por riba dos 130,1 millóns de ingresos non finalistas efectivamente recibidos.

En definitiva, desde o punto de vista económico, o ano 2024 na Universidade da Coruña estivo caracterizado, fundamentalmente, pola diagnose dun desequilibrio financeiro estrutural, como punto de arranque do proceso de procura do reequilibrio.

■ PROFESORADO

En 2024 continuaron as restricións nas políticas de contratación provocadas polo límite da masa salarial, de maneira que o incremento autorizado, como veu acontecendo en anos anteriores, foi absorbido polo importe das retribucións derivadas do crecemento vexetativo do persoal docente e investigador (trienios, quinquenios, sexenios e os diferentes complementos autonómicos).

De cara á redución da temporalidade na contratación, realizouse a prelación para a convocatoria de prazas de axudante doutor/a dirixida ás áreas de coñecemento con contratos de persoal interino de substitución que estivese a cubrir docencia estrutural, que tivo en conta tamén as necesidades derivadas de próximas xubilacións. A incorporación de profesorado axudante doutor reforzouse a través da aprobación das primeiras convocatorias do programa María Goyri, cofinanciado entre o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades e a Xunta de Galicia, que terán continuidade no ano 2025.

En novembro de 2024 foi aprobada a Normativa de selección do persoal docente e investigador, para unificar nun único texto os procedementos anteriores de contratación do persoal laboral e funcionario e actualizalos ao marco normativo derivado da Lei 3/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario.

A Oferta de Emprego Público (OEP) do persoal docente e investigador (PDI) da UDC para o ano 2024

incluíu un total de 72 prazas. Logo da negociación e o acordo cos órganos de representación do PDI, o Consello de Goberno, na súa reunión de 1 de marzo, aprobou a proposta con 28 das prazas do corpo de profesorado titular de universidade, 33 prazas de profesorado permanente laboral e 11 cátedras de universidade polo procedemento de promoción interna. En aplicación das disposicións legais vixentes, 6 prazas de profesor/a permanente laboral e 3 de titular de universidade, o 15 % do total ofertado, reserváronse para incorporar de preferencia persoal investigador doutor que finalizase o Programa Ramón y Cajal e obtivese o certificado I3/R3, que tamén se poden ofertar para a incorporación de persoal investigador doutor doutros programas de excelencia que acadasen a citada certificación. Finalmente, reserváronse 5 prazas para persoas con discapacidade.

Tras a convocatoria de prelación para definir as prazas que correspondería convocar, a execución da OEP 2024 supuxo que, no ano 2024, o Consello de Goberno aprobase 24 prazas de profesorado permanente: 8 cátedras de universidade, 13 de profesorado titular de universidade e 3 de profesorado permanente laboral.

En 2024 tamén se aprobou en Consello de Goberno a convocatoria de prazas correspondentes á execución da OEP de anos anteriores: 7 prazas de profesorado titular de universidade (2 da reserva I3/R3) e 12 prazas de profesorado permanente laboral (5 da reserva I3/R3) destinadas á estabilización de 7 investigadores/as de programas de excelencia e de 9 persoas contratadas como axudante doutor/a, así como á creación dunha praza vinculada co SERGAS.

En total, o Consello de Goberno aprobou en 2024 a convocatoria de 8 prazas de catedrático/a de universidade, 20 prazas de profesor/a titular de universidade e 15 prazas de profesor/a permanente laboral.

No relativo a outras figuras contractuais, en 2024 aprobáronse 49 prazas de profesorado axudante doutor, 27 de profesorado asociado (das que 1 non se cubriu), 1 de profesor/a asociado/a de Ciencias da Saúde, e 71 de profesorado substituto/a (das que 12 non se cubriron).

De acordo co disposto na disposición transitoria quinta da Lei 3/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, 16 profesores/as contratados/as doutores/as e 1 profesora colaboradora integráronse na categoría de profesor/a permanente laboral.

Durante o ano 2024 houbo 2 nomeamentos de profesorado emérito e 6 de profesorado honorario.

O día 1 de marzo de 2024, o Consello de Goberno aprobou a RPT do PDI da Universidade da Coruña a 31 de decembro de 2023.

■ INTERNACIONALIZACIÓN

No relativo aos programas de mobilidade internacional de estudos e persoal a través do programa Erasmus+ (acción KA131), realizáronse un total de 327 mobilidades de estudantes da UDC a países da Unión Europea e asociados, das que 12 mobilidades foron coa finalidade de realizar prácticas en empresas e institucións. Na modalidade de mobilidade de curta duración (entre cinco e trinta días de estadía) participaron un total de 27 estudantes da UDC. A Facultade de Economía e Empresa e a Facultade de Informática foron os centros da UDC que participaron máis na mobilidade saínte por razón de estudos.

A mobilidade entrante rexistrada na UDC ascendeu a un total de 420 estudantes. En canto a mobilidades bilaterais, isto é, con institucións de países de fóra da UE cos que a UDC ten acordos de mobilidade asinados, realizáronse un total de 16 mobilidades saíntes e 150

mobilidades entrantes. No programa Erasmus+, a acción KA171 está principalmente encamiñada á cooperación ao desenvolvemento, e financiar mobilidades a países asociados non recollidos nas accións Erasmus+ KA131. No ano 2024, un total de 27 estudantes de países de fóra da Unión Europea foron financiados para estudar na UDC. Como novidade, no ano 2024 publícase una convocatoria específica de prazas nas residencias da UDC para o estudantado internacional, priorizando a adxudicación a estudantes procedentes de rexións desfavorecidas.

En canto á mobilidade de persoal, un total de 43 persoas do colectivo de PTXAS, e 62 persoas do colectivo de PDI, participaron en mobilidades con fins formativos (STT), ao abeiro do programa Erasmus+ KA131 e KA171. Un total de 49 profesores da UDC foron financiados na modalidade STA do programa Erasmus+ para impartir docencia noutras universidades europeas. Convócanse tamén por primeira vez, con financiamento do programa Erasmus+, axudas para que PDI e PTXAS da UDC organicen accións formativas de curta duración denominadas BIP (*Blended Intensive Programmes*).

No programa SICUE de mobilidade entre universidades españolas seguimos a asinar, renovar e aumentar o número de áreas nos convenios existentes con todas as universidades públicas e algunhas privadas do resto do Estado. No ano 2024 producíronse un total de 104 mobilidades saíntes e 70 mobilidades entrantes.

A captación de fondos e a presenza da UDC en alianzas estratéxicas internacionais segue medrando a través da participación en proxectos do programa Erasmus+ KA122, tanto como institución coordinadora como participante. No ano 2024 a UDC participou en 23 proxectos desta tipoloxía, sendo institución coordinadora en catro deles. Esta participación tradúcese en máis de 13 millóns de euros para o conxunto de institución participantes.

As alianzas de universidades europeas teñen como obxectivo establecer consorcios entre institucións europeas de educación superior coa finalidade de mellorar a súa competitividade internacional e promover valores e identidades europeas. A UDC tiña asinado un convenio xunto con 8 universidades para a participación nunha alianza de universidades denominada EMERGE (*Empowering the Margins of Europe through Regional and Global Engagement*) –Rennes2 (Francia), Université de Bretagne Sud (Francia), University of Limerick (Irlanda), Democritus University of Thrace (Grecia), Europa-Universität Flensburg (Alemaña), Innland Norway University of Applied Sciences (Noruega), Univerzita Mateja Bela (Eslovaquia), Neapolis University Pafos (Chipre). No ano 2024, a Comisión Europea comunica aos membros de EMERGE a concesión dunha subvención por valor de 14,5 millóns de euros para o financiamento das futuras actividades da nova alianza. A UDC coordina nesta alianza de universidades os traballos conxuntos de I+D+i e co-coordina as tarefas relacionadas coa mobilidade de persoal e estudantado. No marco desta alianza, a UDC asistiu a reunións para a súa posta en marcha, tanto en Bruxelas coma en Limerick. EMERGE, baixo a coordinación da Universidade de Limerick, comeza oficialmente a súa actividade o 1 de xaneiro do ano 2025.

Dentro das actividades de promoción internacional destaca a asistencia a eventos de *networking*, nos que se fomenta a formalización de novos acordos con outras universidades, e a feiras de captación de estudante regular. Entre as primeiras accións destacan a participación da UDC na feira da EAIE (*European Association for International Education*) en Toulouse (Francia), e os encontros con universidades dos Estados Unidos en Sevilla (*Hispanic Association of Colleges and Universities*, HACU) e con universidades de Reino Unido en Edimburgo. É preciso destacar que a UDC, xunto cos universidades públicas do SUG, organizaron en Santiago de Compostela, entre os días 6 e 7 de maio de 2024, as XXI Jornadas CRUE Internacionalización y Cooperación. No relativo a feiras de cap-

tación de estudantes, destaca a participación da UDC na feira Europosgrados (México), dirixida á captación de estudantes de Máster.

A promoción e a visibilización da UDC complétase coa organización anual da *International Staff Week* (ISW) e a *International Summer School* (ISS). A ISW contou con máis de 50 participantes internacionais procedentes de 30 universidades diferentes, incluíndo institucións pertencentes ao consorcio EMERGE. Na ISS un total de 20 profesores e profesoras internacionais impartiron 16 cursos de distintas áreas de coñecemento, aos que asistiron un total de 112 estudantes de 37 nacionalidades diferentes. Desta forma, a ISW e a ISS consolídanse como unhas das principais accións de proxección exterior dos campus da UDC.

En canto a regulamentos, convocatorias e estratexias de internacionalización, no ano 2024 apróbase un novo regulamento da comisión de relacións internacionais da UDC, unha nova normativa sobre docencia en inglés nas titulacións da UDC, e a nova estratexia de internacionalización da UDC para o trienio 2025-2027, na que se lle dá prioridade a accións dirixidas ás rexións de América Latina e a Lusofonía. No ano 2024 empézase tamén a traballar nun novo regulamento sobre mobilidade internacional do estudantado.

A nova normativa sobre docencia en inglés inclúe a modalidade clásica de impartición completa da materia en lingua inglesa, e como novidade a modalidade *English Friendly*, na que o idioma principal da docencia é o galego ou o castelán, mais ofrécense recursos, atención individualizada e materiais en inglés. A finalidade principal da modalidade *English Friendly* é a de garantir unha maior accesibilidade do estudantado internacional en mobilidade á oferta formativa da UDC.

No eido da internacionalización na casa, desenvólense tamén accións dirixidas a potenciar os programas COIL (*Collaborative Online International Learning*), como modelo innovador de colaboración académica

en liña entre universidades de distintos países. Estas iniciativas completáronse coa continuidade das convocatorias de profesorado visitante de fala inglesa, o incremento da oferta de cursos específicos en inglés e a reactivación dos cursos presenciais de español para o alumnado internacional.

A convocatoria de axudas á internacionalización mantén os obxectivos básicos da nova estratexia de internacionalización da UDC, reforzando o financiamento de accións que promovan a visibilidade exterior da nosa institución, o desenvolvemento de titulacións conxuntas e a capacitación do persoal en competencias chave para a internacionalización.

■ INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE

Os edificios e instalacións da Universidade da Coruña, que teñen por obxecto acoller as funcións docentes, investigadoras e de prestación de servizos á comunidade universitaria, atópanse nun estado de conservación deficiente, por mor da falta de investimentos en suficiente contía para o seu axeitado mantemento desde a crise económica de 2008. Seguindo os principios de sustentabilidade, aforro e eficiencia, no ano 2024 empezouse a traballar nun Plan Integral de Rehabilitación, Mellora Enerxética e Humanización (PIRMEH), co fin de orientar os fondos propios, e os captados a través de convenios específicos con administracións autonómicas, provinciais e locais, cara a investimentos que poñan en valor o patrimonio construído xa existente, cunha superficie de máis de 350.000 m² distribuídos en case 60 edificios.

O Plan Integral de Rehabilitación, Mellora Enerxética e Humanización ten como obxectivo establecer unha planificación estratéxica para optimizar os investimentos en infraestruturas dos recursos dispoñibles. Partirá dunha diagnose da situación actual das infraestruturas

e concrétese no establecemento de tres liñas prioritarias de actuación nos edificios do campus da Coruña e do campus de Ferrol: Rehabilitación, Mellora Enerxética e Humanización, como o seu propio nome indica. Dentro do plan prevense intervencións de pequena entidade, pero grande impacto no estado de conservación dos centros, xunto con obras significativas de rehabilitación nos edificios que precisan un enfoque máis integral ou grandes investimentos.

A orde de intervención segue criterios estritamente técnicos atendendo ao grao de perentoriedade co obxecto de manter os edificios en condicións axeitadas para a realización de actividades de docencia e investigación propias dos mesmos, optimización de recursos e aforros de consumos.

Mentres se licita o diagnóstico integral, que permitirá establecer a orde de intervención de xeito rigoroso, as prioridades establecéronse desde a dilatada experiencia e o profundo coñecemento do estado dos edificios por parte dos técnicos do Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos.

Ademais, ao longo deste período, a área de Infraestruturas da UDC dedicou unha parte significativa dos seus esforzos ás intervencións promovidas na Cidade das TIC.

No eido da sustentabilidade, a vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade realizou unha firme aposta pola integración transversal deste principio en todas as súas actuacións. Con ese obxectivo, reforzouse a estrutura de goberno cun adxunto de Sustentabilidade, quen vela porque todas as actuacións en infraestruturas se rexan por criterios sustentables, e un Director da Oficina de Sustentabilidade (OdS), que recolle o labor desenvolvido pola antiga Oficina de Medio Ambiente (OMA) e traballa no establecemento dun *living lab* na UDC. Este *laboratorio en vivo* ten como propósito a implicación dos grupos de

investigación na solución dos problemas da propia institución.

Plan Integral de Rehabilitación, Mellora Enerxética e Humanización (PIRMEH)

— Rehabilitación

As actuacións de rehabilitación nos inmobles que integran o patrimonio edificado da UDC estrutúranse en catro liñas principais:

- 1 Intervencións en envolventes (cubertas, fachadas e carpintarías) para mellorar a estanquidade e a eficiencia enerxética dos nosos edificios.
- 2 Intervencións vencelladas á mellora da habitabilidade dos espazos, con fin de garantir as condicións mínimas para o desenvolvemento das actividades docentes, investigadoras e de servizos.
- 3 Intervencións vencelladas á seguridade, para adaptación á normativa vixente e á prevención de riscos para a saúde das persoas usuarias.
- 4 Intervencións vencelladas á accesibilidade para mellorar a interacción de toda a comunidade cos nosos espazos.

A meirande parte das intervencións de rehabilitación no ano 2024 centráronse na optimización da envolvente térmica, posto que a estanquidade, especialmente fronte á auga, se considera como máxima prioridade.

Ao longo deste ano executouse una intervención de grande entidade na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, situada en Bastiagueiro, consistente na substitución das cubertas do salón de actos, da biblioteca, do edificio de aulas e do edificio de usos múltiples. O obxectivo principal desta intervención era asegurar a adecuada evacuación de

augas nas cubertas destes edificios, como actuación previa á instalación de paneis fotovoltaicos sobre elas.

Co mesmo obxectivo, efectuáronse traballos de reparación de cubertas na Escola Universitaria de Arquitectura Técnica e na Escola Técnica Superior de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos. En ambos os casos, procedeuse á reparación da lámina impermeabilizante, prestando especial atención aos petos e aos encontros cos paramentos verticais das cubertas planas. Tamén se acometeu a instalación de novas chapas de zinc na cuberta da Escola Técnica Superior de Arquitectura, así como a reparación das existentes.

Así mesmo, levouse a cabo o selado de carpinterías, xuntas e encontros en diversos edificios, entre os que se inclúen a Escola Universitaria de Arquitectura Técnica, o Edificio de Servizos Centrais de Investigación, a Facultade de Filoloxía, a Facultade de Ciencias e a Facultade de Enfermaría e Podoloxía, mellorando o illamento térmico e a protección fronte a factores climáticos adversos.

Estas actuacións contribúen á mellora da eficiencia enerxética e ao confort interior dos edificios, ademais de asegurar a súa conservación e funcionalidade a longo prazo, e foron financiadas na maior parte polo Plan de Infraestruturas Universitarias da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Xunta de Galicia).

No campo das intervencións vencelladas á mellora da habitabilidade, destaca o pintado das pistas de xogo no pavillón polideportivo de Elviña.

No eido da accesibilidade, mercouse unha rampla móbil que complementa a preexistente na institución. Coa combinación de ambas pódense resolver provisionalmente a meirande parte dos problemas puntuais para atender ás necesidades das persoas con mobilidade reducida en centros que aínda non foron adaptados.

— Mellora enerxética

As intervencións relativas á mellora enerxética teñen como obxectivo principal garantir o correcto funcionamento das instalacións, de acordo á normativa, optimizar custos de mantemento e conseguir aforros nos pagos de subministracións. Este apartado estrutúrase en tres liñas de traballo:

- 1 Mellora e acondicionamento das instalacións de subministración eléctrica, de calefacción e climatización para optimizar o funcionamento das instalacións mediante renovacións totais ou parciais.
- 2 Intervencións nas instalacións para a súa adecuación á normativa.
- 3 Intervencións para mellora enerxética, orientadas á sustentabilidade, conseguindo aforros nos custos das subministracións.

Unha das actuacións máis importantes do ano 2024 vencéllanse a esta liña de mellora enerxética, e consistiu na licitación e execución de once instalacións fotovoltaicas para outros tantos centros universitarios nun moi curto espazo de tempo.

As instalacións foron realizadas con cargo ás subvencións do Instituto da Enerxía de Galicia (INEGA) con fondos MRR (Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia) 2021-2024, dentro da iniciativa europea Next Generation.

Os centros nos que se executaron as novas instalacións foron: Escola Universitaria de Arquitectura Técnica, Edificio de Departamentos da ETS de Arquitectura, Facultade de Dereito, Facultade de Filoloxía, Facultade de Informática, Casa do Estudantado, Edificio de Servizos Centrais de Investigación, CITIC, Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, ETS de Enxeñaría de Camiños Canais e Portos e Aula de Estudos do campus de Ferrol. Trátase dunha aposta polo

autoconsumo de enerxía limpa. Producirase un aforro na emisión de CO₂, estratexia clave na loita contra o cambio climático, e tamén un aforro económico notable, que se estimou nun 10 % no total da electricidade consumida pola UDC, arredor de 260 000 €/anuais.

No marco do compromiso coa sustentabilidade e a eficiencia enerxética, leváronse a cabo moitas outras actuacións orientadas a optimizar o consumo de enerxía e reducir o impacto ambiental das nosas instalacións.

Unha das máis significativas foi a renovación do Centro de Procesamento de Datos (CPD), situado no Edificio de Servizos Centrais de Investigación. Realizouse unha mellora integral na acometida de rede e datos, co obxectivo de garantir un funcionamento máis eficiente, seguro e adaptado ás crecentes esixencias tecnolóxicas da institución. Optimizáronse as instalacións de electricidade, climatización e seguridade contra incendios, coa intención de adecuación do CPD aos máis altos estándares de seguridade nacional. Na actualidade a obra está a piques de rematar.

Neste mesmo apartado levouse a cabo unha nova instalación para a refrixeración do CPD do CITIC, que inclúe a incorporación de dúas novas arrefriadoras de alta eficiencia e a mellora da instalación existente de *free-cooling*, que permite o aproveitamento da temperatura exterior para arrefriar o espazo, reducindo os custos por uso de sistemas de refrixeración convencional.

No eido da mellora e acondicionamento, a renovación dos equipos e as novas instalacións realizáronse mediante a incorporación de modelos tecnoloxicamente máis avanzados e con maior rendemento enerxético, co obxectivo de optimizar a eficiencia operativa e garantir un funcionamento máis fiable, seguro e sustentable. Entre as actuacións realizadas destacan a substitución dunha caldeira de pé por dúas unidades murais de menor potencia no Edificio da Área Científica, que traballarán en paralelo de xeito máis

eficiente; a instalación dun novo ascensor no Edificio Normal; a mellora do sistema de climatización na Facultade de Ciencias; e a implementación do sistema de *free-cooling* xa mencionado en varios edificios da Universidade.

Por outra banda, continuouse coa execución do plan de renovación da iluminación interior e exterior dos edificios universitarios e os campus, mediante a substitución progresiva das luminarias existentes por outras de maior eficiencia enerxética, co obxectivo de reducir o consumo eléctrico e mellorar o rendemento dos sistemas de iluminación.

A plataforma informática de monitorización de variables na UDC segue a medrar, incorporando datos procedentes dos diferentes centros da nosa universidade, recollendo os consumos de electricidade, gas, auga e xeración enerxética. Recóllense tamén datos referentes á ocupación de espazos, temperatura, humidade e calidade do aire, grazas á participación no proxecto Conecta-Coruña, impulsado polo Concello da Coruña.

— Humanización

Este eixo de actuación oríentase á mellora da contorna de convivencia da comunidade universitaria, co obxectivo de crear contornas máis accesibles e inclusivas que favorezan o benestar emocional e social do estudantado, do persoal docente e investigador, do persoal técnico, de xestión, administración e servizos, así como das persoas visitantes. Estas accións foron deseñadas en coherencia cos principios da sustentabilidade, incorporando solucións e materiais que optimizan o uso dos recursos dispoñibles e que cumpren cos estándares esixidos polas certificacións sustentables.

As actuacións foron custeadas na súa meirande parte con fondos finalistas, con cargo por unha banda ao Convenio de colaboración para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2023-2024, coa Con-

sellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e ao Convenio de Infraestruturas co Concello da Coruña, pola outra.

A actuación máis destacada neste apartado foi a creación da *Casa do Estudiantado*, un espazo pensado como lugar de encontro, colaboración, traballo e convivencia para o conxunto do estudantado da UDC, co obxectivo de reforzar o sentido de pertenza á comunidade universitaria. Para este fin acondicionouse o atrio a dobre altura do antigo Pavillón de Estudantes, unha localización privilexiada no centro do campus de Elviña, que lle outorga gran visibilidade e accesibilidade.

Outra das actuacións destacadas foi a habilitación dunha sede estable para os Centros Interuniversitarios nos que participa a UDC. A sede, situada no atrio central e en dúas salas do andar -4 do Edificio de Servizos Centrais de Investigación (ESCI), configúrase como un espazo híbrido que combina zonas de traballo individual e colaborativo, áreas de descanso e unha zona para charlas e conferencias. A súa concepción promove o uso compartido e a interacción entre equipos multidisciplinares e multi-institucionais, optimizando recursos e fomentando a colaboración entre investigadores, xerando un ambiente de traballo acolledor.

Tendo en conta que a Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas é o único centro con actividade docente no Campus de Riazor, afastado dos Campus de Elviña e A Zapateira, optouse por acondicionar un espazo dentro da Escola como Sala do Estudiantado, dotándoo de mobiliario que permite actividades de descanso, lecer, traballo en grupo e encontro. Esta actuación, xunto cun convenio co Conservatorio Superior de Música para que o estudantado poida usar o seu comedor, trata de paliar en certa medida a carencia dunha cafetería operativa no centro.

Así mesmo, seguindo os principios de sustentabilidade social, co obxectivo prioritario de apoio á saúde

materna e infantil e o fomento da satisfacción laboral e a igualdade de xénero, creouse unha Sala de Lactación dentro da Facultade de Ciencias, no campus da Zapateira. A privacidade, accesibilidade, limpeza e comodidade, xunto co equipamento necesario, foron os condicionantes tomados en conta para a creación e definición do espazo.

Neste mesmo eixo de actuación enmárcase tamén a creación de dúas zonas de traballo e estudo colaborativo na Facultade de Informática. A remodelación permite que os usuarios desfruten de luz natural, vistas ao Castro de Elviña e unha contorna máis amable, e responde ao compromiso coa creación de contornas humanizadas, acolledoras, accesibles e funcionais, pensadas para favorecer a interacción e o benestar da comunidade universitaria.

No marco do Convenio de Infraestruturas co Concello da Coruña, as accións desenvolvidas pola vicerreitoría durante o ano 2024 tiveron como obxectivo principal a mellora da accesibilidade peonil e a promoción do transporte sostible entre os campus de Elviña e a Zapateira.

Reurbanizouse a rúa Rebandas na contorna da Aula de Estudo Xoana Capdevielle. As beirarúas atopábanse en moi mal estado, co pavimento levantado por mor das raíces das árbores, constituíndo un perigo de tropezo. Esta actuación, moi demandada tamén pola veciñanza do Castro de Elviña, mellorou a accesibilidade peonil nesta área clave do campus.

Elaborouse un Estudo da implantación de carril bici nos campus de Elviña e a Zapateira, co fin de avanzar cara a unha rede de mobilidade máis sustentable e integrada co resto da cidade, planificando tramos que permitan unha execución por fases.

Executouse un novo tramo de carril bici na rúa Rebandas, como parte da reurbanización desta vía. Este tra-

mo, identificado como prioritario no estudo anterior, considérase esencial para mellorar a conexión ciclista entre os dous campus universitarios, xa que permite enlazar co camiño de Sarmelos.

Rastreouse a localización do lavadoiro tradicional do Lagar, do que se tiña noticias da súa existencia na contorna do ESCI. Limpouse, coidadosamente, ao seu redor a vexetación que o ocultaba, co fin de poñelo en valor e permitir desfrutar deste patrimonio histórico que forma parte da memoria do Val de Elviña tanto á comunidade universitaria como a toda a cidadanía.

— Avances na Cidade das TIC

Ao longo do ano 2024 avanzouse na execución das obras correspondentes ao proxecto de “Mellora dos accesos e dotación de subministracións básicas necesarias para a posta en funcionamento inicial da Cidade das TIC”. Estas actuacións contaron con financiamento procedente do convenio subscrito co Concello da Coruña para este fin.

A intervención consistiu na urbanización do anel viario perimetral, incluíndo a pavimentación das rúas con formigón lavado para garantir a convivencia de tráfico, e as instalacións urbanas de saneamento, iluminación, abastecemento de auga, subministración de electricidade (incluíndo un centro de transformación de media tensión), telecomunicacións e sistemas de drenaxe urbana sostible. Ademais, axardinouse a contorna do edificio do Centro de Servizos Avanzados (CSA), actualmente funcionando a pleno rendemento con empresas innovadoras do sector TIC, incluíndo aparcamentos con pavimento drenante, árbores e bancos, xerando un entorno humanizado e sustentable. As obras atópanse practicamente finalizadas, pendentes unicamente de intervencións menores para a súa completa posta en servizo.

— Oficina de Sustentabilidade

A antiga Oficina de Medio Ambiente (OMA), dependente da Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade, no 2024 pasou a denominarse Oficina de Sustentabilidade (OdS) co obxectivo de abranguer os tres piares da sustentabilidade: ambiental, económica e social, cunha visión máis transversal do termo. Esta aposta pola sustentabilidade viuse reforzada cunha coordinación máis integrada cos proxectos da propia vicerreitoría, a través da figura do adxunto de sustentabilidade, que actúa como bisagra entre o Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos e a OdS. Por outra banda, renovouse a dirección da OdS, agora ocupada por un investigador novo experto en cambio climático e cunha ampla visión dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.

Con esta nova estrutura, no pasado ano comezaron a sentarse as bases para converter a universidade nun *living lab*, un *laboratorio en vivo* onde os nosos grupos de investigación aborden, de xeito interdisciplinario, problemáticas de interese para a nosa institución e a nosa contorna socioeconómica, que sexan exportables a outros, e que ofrezan solucións innovadoras e transferibles á sociedade.

Neste contexto, iniciouse un estudo da mobilidade da comunidade universitaria para propoñer melloras ben fundamentadas ás institucións con competencias no transporte público municipal e metropolitano. Por outra banda, e grazas ao finazamento do Concello da Coruña, redactouse un proxecto para a recollida das augas de escorrentía no val do río do Lagar (campus de Elviña), que serán almacenadas nun alxibe e depuradas a través de sistemas de drenaxe sostible para seren reutilizadas na rega do campo de fútbol de Elviña. Este aproveitamento das augas evitará verter augas limpas ao sistema de saneamento (evitando os custos da súa depuración) e aforrará o consumo de auga potable para rega, que nos meses de verán supera os 12 000 €.

Continuouse o programa Green Campus, no que participan a maioría dos centros docentes da UDC, acadando a Bandeira Verde como recoñecemento ao seu traballo no eido da sustentabilidade en xa 13 facultades e escolas.

No ano 2024 ampliáronse as actividades relacionadas coa protección da biodiversidade cun maior financiamento por parte do Concello da Coruña para a xestión do Monte da Fraga, podendo así incrementar as actuacións neste tesouro natural no campus da Zapateira. Dentro desas actuacións destaca a renovación dun número significativo de chanzos que salvan fortes pendentes nos sendeiros que artellan o Monte da Fraga, mudando travesas de madeira por banzos de granito natural e mellorando así a seguridade e a accesibilidade para todas as persoas usuarias. Tamén se levaron a cabo multitude de actividades participativas para a divulgación e posta en valor de este espazo natural: reforestación, retirada de especies invasoras, rutas etc.

A UDC recibiu por terceiro ano consecutivo o galardón “Sendeiro Azul” pola ruta do Monte da Fraga, concedido pola Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC), e sendo a única universidade de España que conta con este recoñecemento.

Tamén se continuou coa caracterización de residuos e o mantemento dos puntos de compostaxe, as campañas de aforro de auga, enerxía e papel, e o fomento do uso da bicicleta. Ademais, no relativo ás hortas urbanas comunitarias, iniciouse a xestión de novas hortas no campus de Ferrol e continuouse no campus de Elviña.

No eido da mobilidade sustentable en 2024 mantívose o programa de préstamo de bicicletas ordinarias, pregables e eléctricas e realizáronse actividades formativas no uso da bicicleta e accesos campus-cidade.

Todo este traballo queda reflectido nos resultados obtidos pola UDC no Ranking GreenMetric. En España, a UDC ocupa o 6º posto de 32 universidades presentadas e continúa sendo a líder dentro do Sistema Universitario de Galicia. En cifras, a UDC acumulou o 81 % do máximo puntuable, e situouse na posición 186 mundial. En aspectos coma a compostaxe acadou a puntuación máxima, xa que os residuos orgánicos que se xeran nas cafeterías se converten en compost dentro dos propios campus, para seren empregados como abono nas hortas comunitarias cultivadas por persoas pertencentes á UDC.

■ ESTUDANTADO

A Vicerreitoría de Estudiantes e Empregabilidade, co apoio das distintas vicerreitorías, mantivo ao longo do ano 2024 unha interlocución aberta e permanente co estudantado da UDC a través de representantes deste, e co conxunto do estudantado, para coñecer de primeira man as circunstancias que lles estaban afectando e potenciar a participación en representación estudiantil. Refórzase a presenza de asociacións estudiantís, chegando a inscribirse no RAE-UDC ata un total de 17 asociacións de estudantes. Acercamos a universidade ao noso estudantado desde o primeiro día coa Xornada de Benvida Curso 2024/25, celebrada o 19 de setembro simultaneamente en

- Campus da Coruña: no Estadio Universitario de Elviña. 2.000 persoas e 48 postos de diferentes servizos e unidades da UDC.
- Campus de Ferrol: na Praza de Humanidades en Esteiro. 500 persoas e 26 postos en Ferrol.

Desde esta vicerreitoría publicáronse as convocatorias de bolsas, axudas e premios para o estudantado, para que ninguén quede fóra da Universidade por problemas económicos. Estamos a falar da Convoca-

toria de prazas de aloxamento para o estudantado da Universidade da Coruña nas residencias públicas dos campus da Coruña e Ferrol, Bolsas de Comedor, Axudas para o alumnado en situación de dificultades Económicas, Premios Excelencia UDC á mellor nota de admisión nos graos, axudas para os gañadores de Olimpíadas Científicas, bolsas Santander Progreso, bolsas de colaboración en departamentos e formación complementaria, bolsas para estudos de másteres universitarios oficiais, entre outras. Ademais, desde o curso 2019-20 estableceuse unha liña de axuda dirixida a estudantes con problemas de conectividade que se segue mantendo pola súa boa acollida, Programa de préstamo de ordenadores portátiles. No curso 2023-24, foron beneficiados nesta convocatoria un total de vinte e tres estudantes, e no curso 2024-25 os portátiles prestados foron doce.

É de salientar que, a través da Convocatoria de axudas de dificultades económicas, 80 estudantes percibiron un total de 55 192,24 € o que contribuíu a que puidesen continuar cos seus estudos. Das 8 653 solicitudes tramitadas de bolsas do Ministerio de Educación fóronlle concedidas 4 481 bolsas ao noso estudantado.

Hai que destacar que para os cursos 2023-24 e 2024-25 se asinou un convenio co Concello da Coruña para ofrecer unha tarifa plana universal para o alumnado dos campus de Coruña, establecendo na tarxeta Millenium o perfil de estudante universitario.

Coa finalidade de dar a coñecer a oferta formativa, os recursos e as posibilidades para o desenvolvemento dunha vida universitaria rica en experiencias, a Vicerreitoría de Estudiantes e Empregabilidade a través do Servizo de Estudiantes organizou as seguintes actividades de orientación universitaria dentro do Programa de Difusión da Oferta Académica #ENTRA NO FUTURO:

- Campaña de Divulgación Científica: No curso 2023/24, un total 85 de docentes impartiron, por

petición dos centros, 194 charlas e obradoiros. No curso 2024/25 colaboraron na campaña 130 profesores/as, impartindo ata a data un total de 244 charlas e obradoiros.

- Xuntanza híbrida (presencial/virtual) co persoal dos Departamentos de Orientación de Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Superior, celebrada o 22 de febreiro de 2024 no Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA). Inscribíronse máis de 140 persoas dos departamentos de Orientación dos centros educativos.
- Embaixadores UDC (novidade no 2024), charlas impartidas polo profesorado da UDC en centros educativos de bacharelato e ciclos formativos de grao superior de toda Galicia, sobre as titulacións de grao, as bolsas e a vida universitaria. No curso 2023/24 colaboraron no programa “Entra no Futuro: Embaixadores UDC” 89 profesores/as, e foron impartidas un total de 45 charlas. No curso 2024/25 contamos con un total de 130 embaixadores/as e, ata a data, foron 76 as charlas rexistradas.
- Apoio a diferentes áreas e departamentos dos centros universitarios para desenvolver actividades de difusión como son as visitas guiadas ás facultades e escolas, institutos universitarios de investigación e centros de investigación, situados nos campus de A Coruña e de Ferrol. Esta actividade foi ofertada a estudantado dos centros de bacharelato e de formación de ciclos superiores.
- Feiras de orientación universitaria: Participamos en feiras de orientación universitaria dando a coñecer a UDC en case 30 feiras en Galicia, León, Madrid e Matosinhos - Oporto (Portugal). Calcúlase que foron informados máis de 9 000 futuros estudantes.

Así, as solicitudes de preinscripción tramitadas para o curso académico 2024/25 nos graos oficiais foron 5 092 e nos másters universitarios oficiais 9 173.

Rematamos o curso 2023-24 organizando desde a UDC o Acto Melloras Expedientes Galicia (MEGA-BAU) no Coliseum da Coruña, que se celebrou o 21 de xuño de 2024. Trátase dun acto de celebración para o futuro estudantado universitario galego, con un grande éxito de asistencia. Participaron no evento 1 086 estudantes de toda Galicia que acadaron as mellores notas de acceso á universidade e os seus centros educativos que recolleron un agasallo polo labor realizado. Ao evento asistiron ao redor de 4 000 persoas entre estudantado, familias, centros educativos de bacharelato e autoridades.

■ EMPREGABILIDADE

No relativo ao emprego e a empregabilidade, no ano 2024 seguíronse a levar a cabo diversas accións co obxectivo último de axudar a desenvolver competencias para a mellora da empregabilidade do noso estudantado. Respecto a actividades de formación, a Unidade de Emprego levou a cabo unha nova edición do Programa de Mellora da Empregabilidade nos Centros da UDC (PMEC), con tres módulos dedicados a autoemprego, procura de emprego por conta allea e presentación de experiencias reais de inserción laboral. Tamén continuou a colaboración co CUFIE coa impartición do curso en formato virtual Mellora da Empregabilidade. Este curso intégrase dentro do Plan de apoio á aprendizaxe (PAA) destinado ao estudantado da UDC. Igualmente, e do mesmo xeito que en anos anteriores, a Unidade de Emprego impartiu diferentes relatorios e seminarios por petición dos centros, alén de colaborar na impartición de charlas dentro de xornadas de orientación profesional de varios títulos.

Ademais, por sétimo ano consecutivo, organizouse o Foro Avanza, un punto de encontro entre o estudantado e os axentes do mercado laboral. Ao longo de dous días tiveron lugar relatorios, obradoiros e mesas

redondas co fin de mellorar a empregabilidade do alumnado. O último día celebrouse unha Feira de Emprego, para a cal contamos coa presenza de entidades de todos os ámbitos de coñecemento, as cales tiveron un contacto directo co público nos mostradores informativos e un número importante delas levou a cabo presentacións corporativas e/ou simulacións de entrevistas e dinámicas de grupo.

No ano 2024, motivado polo éxito das edicións previas, a UDC participou de novo no Programa Campus Rural de prácticas universitarias no medio rural, unha iniciativa xurdida da colaboración entre o Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, a Conferencia de Reitores de Universidades Españolas e as universidades públicas españolas. O principal obxectivo desta iniciativa é incentivar a chegada de capital humano aos espazos máis despoboados e tratar así de dinamizar o seu tecido produtivo, social e institucional, contribuíndo deste xeito ao reequilibrio territorial. Novamente, o programa volveu ter moi boa acollida entre o estudantado.

A Universidade da Coruña participou por terceira vez consecutiva no programa *EU Careers Ambassadors*. A diferenza das edicións pasadas, nas que existían restricións de participación, o programa abriuse a todas as universidades interesadas. Con esta iniciativa trátase de facilitar a transmisión e a promoción das distintas oportunidades profesionais nas institucións europeas a través da figura dun estudante “embaixador” que actúa como contacto entre a Oficina Europea de Selección de Persoal (EPSO) e a Universidade. En liña coa visibilización das actuacións da Unión Europea, en 2024 logrouse que unha estudante da nosa universidade fose unha das seis seleccionadas en toda España para participar na terceira edición do proxecto *Council Simulation for students*, unha simulación do traballo do Consello da Unión Europea e do Consello de Europa, que se celebra en Bruxelas en 2025.

Un feito destacado en 2024 é a sinatura dun convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral entre Fundación Princesa de Girona e UDC no marco do programa “Xeración talento”. Así, e de forma pioneira en España, tivo lugar a primeira edición do programa “Xeración talento” na nosa universidade. O programa está orientado ao estudantado co obxectivo de desenvolver competencias para mellorar a súa empregabilidade a través da provisión das ferramentas que precisa para acelerar a súa carreira profesional e acrecentar o seu acceso ao emprego. Un trazo característico deste programa é a mobilidade xeográfica para participar en actividades e a conexión con mozos e mozas de toda España. Esta convocatoria tivo unha excelente acollida entre o alumnado.

A promoción da cultura emprendedora segue a ser un obxectivo principal desta vicerreitoría, estando aliñado co plan estratéxico da universidade. No ano 2024 cómpre sinalar a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade e as tres universidades públicas galegas para levar a cabo actividades de difusión, promoción e apoio ao emprendemento na comunidade universitaria. Ao amparo deste convenio leváronse a cabo novas actividades como, por exemplo, varios obradoiros formativos como o Aprendendo a Empezar, destinados a todo o colectivo universitario e impartidos por profesionais externos de recoñecida traxectoria emprendedora; a convocatoria da primeira edición dos premios universitarios a traballos de fin de grao (TFG), traballos de fin de máster (TFM) e teses de doutoramento en materia de emprendemento; ou o I Concurso Iniciativa Emprendedora Actitude.

De igual xeito, seguimos a ofrecer ao noso estudantado e á comunidade universitaria en xeral oportunidades de participación en iniciativas de fomento da cultura emprendedora que xa contan cunha traxectoria na nosa institución. Neste sentido, destacamos a colaboración, por décimo ano consecutivo, no

programa “Explorer”, o cal está auspiciado por Santander Universidades e ten por obxecto impulsar o talento novo e a xeración de proxectos innovadores nun contorno dixital, aberto e colaborativo. Tamén a iniciativa Startup Programme, da Fundación Junior Achievement, está a consolidarse na nosa institución. A finalidade deste último programa é apoiar o estudantado nas súas capacidades emprendedoras. Se ben a base de ambos os programas é virtual, os dous contan con titorización por parte da Unidade de Emprego, a cal coordina ambas as iniciativas. Así mesmo, en 2024 a Unidade de Emprego actuou como receptora na acción Misiones Comerciales en Femenino, do proxecto Innovatía 8.3, que outorga a oportunidade a mulleres universitarias de presentar os seus proxectos emprendedores ante entidades de diversa índole.

Igualmente, convén subliñar que continuamos colaborando co Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións de xestión universitaria de Galicia (CIXUG) para potenciar o emprendemento a través de iniciativas empresariais de base tecnolóxica no ámbito da UDC.

É importante destacar que desde a Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade se promove a colaboración en proxectos e estudos relativos á empregabilidade. Así, a vicerreitoría participou no “Estudio a empleadores de tituladas y titulados universitarios” da Comisión Sectorial de Asuntos Estudiantiles da CRUE durante os anos 2023 e 2024. Este estudo será publicado en 2025.

No que respecta ao ámbito da participación, desde a vicerreitoría coordínase o grupo de traballo “Movilidad y Organización y Participación Estudiantil” dentro da comisión sectorial de Asuntos estudiantís da CRUE. Desde 2023 este grupo de traballo avanzou na análise de diversas iniciativas e se implicou en xornadas sobre participación a nivel nacional. Tamén, na liña da

participación, desde a UDC se puxo en marcha, coa colaboración de CIXUG, a plataforma UDC Participa co fin de impulsar a comunicación e a participación da comunidade universitaria en asuntos de interese para todo o colectivo.

A mellora da empregabilidade do noso alumnado require tamén dispoñer de boas ferramentas de diagnóstico. Por iso, o Observatorio Ocupacional da UDC continuou co seu labor de produción de datos útiles sobre inserción laboral, perfís demandados polas empresas, espírito emprendedor etc. Elaborouse o informe anual que permite coñecer o grao de inserción e as características do emprego dos egresados da UDC. O Observatorio, ademais, elaborou o Informe GUESSS – A Coruña 2023, que se publicará na primeira metade de 2025, e que ofrece datos sobre o espírito emprendedor do noso alumnado. Por último, elaborouse unha nova aplicación de visualización interactiva dos datos de inserción laboral dos nosos egresados que se fará pública durante 2025.

■ PERSOAL TÉCNICO, DE XESTIÓN E DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UDC (PTXAS)

– Acceso e selección de persoal

En acceso libre: Elaboráronse, acordáronse e publicáronse todas as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes á OEP libre dos anos 2022 e 2023: 14 convocatorias de diferentes escalas e subescalas. Están preparados todos os tribunais de selección de todos os procesos selectivos. Pendente de publicar listaxes definitivas e comezo do proceso selectivo.

Na promoción interna:

Promoción interna OEP 2022: Resolución da convocatoria de promoción interna da OEP do 2020 (A2).

Promoción interna 2022: Convocatoria de promoción interna do ano 22 de auxiliar de servizos e telefonista, a C2. Temarios, curso de formación (enviada á Xunta de Persoal).

– Provisión de postos

Nos concursos de méritos: Resolución do concurso específico 2 postos de xefatura de servizo. En preparación o concurso específico de 5 postos de PTXAS (2 postos de xefatura de seccións e 3 xefaturas de Servizo).

Libre designación: Convocatorias e resolución de 6 postos de LD.

– OEP

Acordada coa Xunta de persoal a OEP do ano 2024 quenda libre e promoción interna.

– NORMATIVAS

Modificación, corrección, simplificación e humanización de normativa relativa ao PTXAS:

Acordo de teletraballo (enviada á Xunta de Persoal).

Resolución da Xerencia, do 22 de decembro de 2022, pola que se regula o procedemento de elaboración e xestión das listas de agarda para a cobertura provisoria de postos de traballo do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña (enviada á Xunta de persoal).

Resolución do 19 de xuño de 2024 pola que se regula a xornada, o horario de traballo, as vacacións e a concesión de permisos e licenzas do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos.

– RPT

Se fixo unha modificación puntual da RPT (RR 26.06.2024) e está en negociación cos órganos de representación do persoal unha nova modificación.

– FORMACIÓN (Ordinaria e extraordinaria)

UDC (70 accións formativas aprox. en dous semestres), CIXUG (convenio), EGAP (convenio), MUS (todo o PTXAS), SIGMA (18 accións formativas)

– XESTIÓN DO COÑECEMENTO

Déronse os primeiros pasos para a creación dunha comunidade de prácticas coas persoas que actualmente ocupan as xefaturas de Servizo da UDC: 1ª Reunión e formación de grupos de traballo.

■ IGUALDADE E DIVERSIDADE

As actividades da Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX) realizadas no ano 2024 centráronse na formación en materia de igualdade, sensibilización da comunidade universitaria sobre as desigualdades entre homes e mulleres e a atención ás queixas e denuncias recibidas dentro do ámbito que establece o protocolo contra o acoso e discriminación da UDC. Así, coma en anos anteriores, impulsouse o programa formativo en materia de igualdade, educación afectivo-sexual, diversidade e non-discriminación para o alumnado. Concretamente, en colaboración co CUFIE, ofertáronse cinco cursos con diferentes temáticas, orientados ao alumnado de grao e doutoramento. No caso do profesorado, a oferta formativa impulsada pola Oficina estivo orientada á introdución da perspectiva de xénero na investigación e na docencia e mais na prevención da violencia de xénero na aca-

demia. Novamente convocáronse cinco cursos, dous deles específicos para o profesorado novel.

Nos graos da Facultade de Ciencias da Educación impartíronse tres cursos específicos sobre como educar en igualdade, previr a violencia de xénero e coeducación en igualdade coa finalidade de reforzar a formación en igualdade do futuro profesorado. Igualmente, para o alumnado do grao en Comunicación Audiovisual programáronse dous cursos co fin de cumprir coas recomendacións do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e impulsar a formación especializada en violencia de xénero para os/as futuros/as profesionais dos medios de comunicación.

Polo demais, dada a problemática que existe nas actividades formativas sobre igualdade e prevención da violencia machista, polo feito de se matricularen fundamentalmente mulleres, programáronse outros dous cursos para o alumnado da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol (EPEF), a Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas e a Facultade de Ciencias do Deporte. Incidiuse especialmente nestes tres centros por acollereren graos moi masculinizados, co fin de conseguir unha maior participación de alumnos, obxectivo que se acadou de forma satisfactoria.

En 2024 botou a andar o programa “Arrol-Arte” de autocoidados feministas, dirixido a toda a comunidade universitaria e centrado en diferentes aspectos segundo a sesión a desenvolver.

Por outra banda, elaborouse un curso *off line* para o profesorado novel sobre o plan de igualdade, prevención do acoso e violencia da UDC e mais de cuestións éticas para ter en conta á hora de impartir docencia. Este curso será obrigatorio para o profesorado novel que ingrese na nosa universidade. Por último, tamén se puxo en marcha un curso para o PTXAS sobre a prevención da violencia de xénero na UDC.

Dentro das actividades en colaboración coa oficinas de igualdade da USC e a UVigo, leváronse a cabo varias iniciativas, co obxectivo de seguir fomentando a inclusión da perspectiva de xénero nas materias das distintas titulacións e que se materializaron en catro novos títulos da colección de guías en galego para unha docencia con perspectiva de xénero. Desenvolvéronse, así mesmo, as xornadas “Democratizar os coidados e a vida doméstica”, que este ano se realizaron en Vigo no mes de outubro, co obxectivo de xuntar persoas expertas para tratar temas e políticas relacionadas coa conciliación corresponsable. A II Xornada Interuniversitaria Galega sobre Submisión Química e Violencias Machistas, organizada o 18 de abril en formato en liña, reuniu persoas expertas en diferentes temas relacionados con este tipo de violencias sexuais. Este ano incluíuse a colaboración da asociación FARAXA que falou do papel da submisión química na trata e prostitución.

Á súa vez, no XVII Encontro de Unidades de Igualdade, que tivo lugar o 23 e 24 de maio, organizado pola Red de Unidades de Igualdad de Género para la Excelencia Universitaria (RUIGEU), supuxo un punto de encontro e intercambio de experiencias entre as diferentes unidades de igualdade das universidades que conforman a rede (nesta ocasión a Universitat de Illes Illes Balears foi a entidade anfitriona do encontro).

O 8 de novembro organizouse, na Facultade de Dereito unha xornada formativa para conmemorar os 20 anos da Lei orgánica 1/2004 (a primeira lei integral contra a violencia de xénero) baixo o título “Dúas décadas de loita: balance e perspectivas da Lei integral contra a violencia de xénero”. Nela abordáronse as cuestións xurídicas relacionadas coas violencias machistas e a protección das mulleres, o tratamento xurídico que se fai nos casos de violencia de xénero e o futuro da lexislación nesta materia.

No apartado das campañas, baixo o lema “Bro, meu neno....Que non te lían” no mes de novembro desenvolveuse unha co obxectivo de sensibilizar e concienciar a comunidade universitaria ante o auxe da propagación de discursos antifeministas, misóxinos e negacionistas da violencia de xénero, que a xuventude (máis concretamente, rapaces e homes) consome acotío no conxunto de espazos virtuais que conforman a machosfera. Por isto, a campaña xurdiu coa finalidade de rachar falsas crenzas e desmontar loias (ou *fake news*) que están a ser difundidos por creadores de contido a través das redes sociais. Publicouse, tamén, un novo número do noso xornal DESLÍGA-TE. Coma en anos anteriores, trátase dunha iniciativa onde se simula un xornal deportivo, coa intención de mostrar novas da nosa comunidade e dar información relacionada coa igualdade e as violencias de xénero.

En 2024 convocouse a duodécima edición dos Premios Ángeles Alvariño, aos Mellores Traballos Académicos (TFG e TFM) con Perspectiva de Xénero, da cal resultaron premiados 10 traballos que destacaron pola súa calidade e orixinalidade, ademais da acertada metodoloxía empregada para incluír os aspectos de xénero en temáticas moi diferentes. Pola súa banda, no concurso María Balteira de Creacións Artísticas para a Prevención das Violencias Sexistas do acoso e para dar publicidade ao protocolo de actuación ante situacións de acoso sexual, por razón de sexo, por orientación sexual e identidade ou expresión de xénero premiáronse dous cartaces e un vídeo, pola súa orixinalidade e calidade.

A Oficina atendeu diferentes consultas relacionadas con situacións sexistas e/ou machistas e o protocolo de acoso, e ofreceu asesoramento tanto a centros como a persoas. En concreto, xestionáronse 10 solicitudes de intervención relacionadas con casos de acoso sexual ou por razón de sexo.

Pola súa banda, o CEXEF levou a cabo diferentes proxectos, entre os que cómpre salientar a colabora-

ción coa Universidade Nacional Autónoma de México co programa *Diálogos entre Feminismos*.

A Unidade de Atención á Diversidade, de atención á diversidade, a través das súas unidades (a de atención a persoas LGTBQ+ e a de atención de persoas con necesidades de apoio específico), centrou o seu labor na sensibilización da comunidade universitaria, o asesoramento e a atención as queixas e denuncias realizadas dentro do ámbito que recolle o Protocolo contra o acoso e discriminación da UDC.

Desde a unidade de atención a persoas LGTBQ+ leváronse campañas para dar difusión ao devandito protocolo e aos dereitos das persoas do colectivo, e prestouse asesoramento ao conxunto da comunidade universitaria naquelas dúbidas relacionadas con este tema.

No que atinxe á Unidade de Atención de Persoas con Necesidades de Apoio Específico, coma en anos anteriores, seguíronse realizando adaptacións curriculares personalizadas e asesorando en coordinación cos representantes de ADI nos centros de toda a comunidade universitaria.

■ DIVULGACIÓN CIENTÍFICA

A Unidade de Divulgación Científica da UDC (UDCC), en colaboración co Servizo de Normalización Lingüística (SNL) participa desde 2019 na edición en galego do calendario científico escolar do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC). É un proxecto do Instituto de Ganadería de Montaña, un centro mixto do CSIC e a Universidad de León, cuxo obxectivo é contribuír a fomentar a cultura científica entre a xuventude e crear referentes que lle resulten próximos, así como promover as vocacións científico-técnicas, usando unha linguaxe non sexista, e aumentar a visibilidade das mulleres científicas e tecnólogas. Na edición do ano 2024 realizáronse 1000 impresións nesta lingua e repartíronse polos centros educativos galegos en

colaboración co Servicio de Coordinación Estratéxica e Innovación da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

No ano 2024 convocouse a III edición do Certame Cóntame a túa Investigación coa finalidade de promover entre o noso alumnado as habilidades de comunicación e divulgación da ciencia. Trátase de realizar un audiovisual en formato de monólogo científico de tres a cinco minutos en que se conte de forma divulgativa, atractiva e divertida o contido da súa investigación (o traballo fin de grao, de máster ou a tese de doutoramento).

A UDCC colaborou na organización do festival de divulgación científica *Pint of Science*, que se celebrou nas cidades de Carballo, A Coruña e Ferrol os días 13, 14 e 15 de maio. E tamén se participou no Concurso #HiloTesis 2024, unha iniciativa de ámbito estatal da RedDivulga de Crue Universidades Españolas para promover o desenvolvemento de habilidades de comunicación e divulgación científica de futuros ou recentes doutores.

Co gallo do Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia, organizouse a actividade Atrévete a pescudar con elas! que trata de fomentar a visibilidade das contribucións ao coñecemento das mulleres no ámbito universitario e na ciencia en xeral, favorecer un contexto social en que as mulleres se vexan capaces e recoñecidas para elixir o seu futuro sen condicionamentos e sensibilizar a sociedade sobre a necesidade de erradicar estereotipos que condicionan a elección de estudos das nenas, adolescentes e mulleres novas. Realizáronse dous audiovisuais con diferentes investigadoras, un dirixido a escolares de educación primaria e outro a educación secundaria, para dar a coñecer dun xeito sinxelo e próximo a súa traxectoria científica e vital, ademais dos seus logros profesionais, relatan anécdotas co obxecto de incentivar a curiosidade pola profesión investigadora e científica. Os vídeos están no canal da UDC en

Youtube. O alumnado de diferentes centros educativos grávase preguntándolles o que queren ás nosas científicas, e entre as persoas que participaron sortease unha visita aos centros tecnolóxicos do campus de Ferrol, o CITENI, e aos do campus de Elviña: CICA, CITEEC e CITIC.

Convocouse a VI edición dos premios ISABEL ZENDAL de Promoción do Pensamento Crítico en Educación Secundaria e Bacharelato coa finalidade de promover o pensamento crítico e a cultura científica. Realizouse a segunda tempada da iniciativa de Onda Ciencia, en colaboración con CUAC FM 103.4 a Radio Comunitaria da Coruña. Trátase da realización de podcasts co obxectivo de comunicar e difundir a investigación da universidade con varias persoas expertas nun campo en formato de diálogo dirixido ao público en xeral con temáticas vivas no diálogo social actual (a visión das matemáticas, saúde mental, o discurso de odio nos medios, construción e urbanismo sustentable e o uso do galego na intelixencia artificial).

Tamén se realizou a convocatoria Divulgando o noso, coa finalidade de colaborar co persoal investigador para trasladar ao público contidos do seu labor de investigación a través do deseño de infografías científicas que se expuxeron na cidade herculina nas marquesiñas das paradas do autobús urbano. Concretamente realizáronse 5 infografías distintas: Nanopartículas para reconstruír a cartilaxe; Construción con cunhas de mexillón; A nosa historia escrita nos nosos xenes; Depuración con plantas en zonas húmidas; e, Intelixencia artificial, ameaza climática ou impulso verde?, expostas en 10 lugares distintos.

Por cuarta vez, en colaboración coas outras universidades públicas galegas, celebrouse o evento da Noite Europea das Persoas Investigadoras, GNIGHT, que se desenvolve de maneira simultánea en preto de 400 cidades europeas ofrecendo diversas actividades de divulgación científicas: charlas, obradoiros, visitas guiadas, pezas teatrais, etc.

Realizouse tamén un obradoiro de formación en comunicación científica e tecnolóxica impartido por Eduardo Sáenz de Cabezón, onde participaron 30 persoas.

■ CULTURA

Durante o ano 2024, en NORMAL a mostra Ante a inminencia do artista Rubén Santiago, comisariada por Susana González, estivo aberta ata o 19 de febreiro. A exposición explorou a relación entre a cidade da Coruña e a auga, destacando o seu impacto histórico e xeográfico. Un dos puntos centrais foi a obra que encapsulaba 150 litros de auga estancada en 10 000 viais de vidro, ofrecendo unha reflexión sobre o papel das institucións culturais como depósito de memoria e capital simbólico. Entre as actividades paralelas desta exposición, destaca o obradoiro de expurgación de moedas realizado coas persoas participantes do programa de emprego *Unha ventá ao porto medieval da Coruña*, promovido polos Concellos da Coruña e de Culleredo e dirixido polo propio artista.

Realizáronse dúas exposicións. A primeira *Hic Sunt Leones: Aquí están os leóns*, de Pablo Barreiro desenvolveuse dende o 10 de abril ao 10 de xullo. O proxecto explorou a historia do Parque do Pasatempo de Betanzos: na entrada do parque destacaban dous leóns esculpidos en mármore de Carrara, reproducións dos orixinais de Antonio Canova para a basílica de San Pedro en Roma. Estes leóns simbolizaban as virtudes da fe e da vida eterna, e a súa desaparición nos anos 70 marcou un punto de inflexión na historia do lugar. A exposición serviu para reflexionar sobre o valor da copia e da arte como testemuño da memoria colectiva. Entre as actividades paralelas destácase unha visita guiada e unha charla coloquio sobre o significado artístico e cultural do Parque do Pasatempo. A segunda foi *Fío do Norte*, comisariada por Juan Luis Toboso en diálogo con Filipa Ramos, desenvol-

veuse desde o 17 de outubro ata o 14 de febreiro de 2025. Esta exposición reuniu un grupo de artistas que traballaron arredor do territorio denominado noroeste ibérico en todas as súas complexas formas de definición. Unha experiencia que naceu do interese por crear unha investigación especulativa sobre a lingua do territorio, a súa sensorialidade, o animismo da paisaxe, as múltiples mitoloxías individuais e colectivas e a vontade de establecermos un diálogo con diversas visións presentes dunha paisaxe ancorada no pasado que nos proxecta cara a un futuro ancestral. En paralelo á mostra desenvolvéronse actividades en diferentes formatos: concertos, dez visitas guiadas, coloquios etc. A exposición tivo unha ampla repercusión difundíndose a través de varios medios e canles de comunicación.

Por primeira vez, desde a Área de Cultura puxéronse en marcha diferentes convocatorias públicas co obxecto de seleccionar as persoas que impartirían os obradoiros culturais durante o curso académico 2024/25, buscando fomentar a formación e a expresión artística, tanto dentro como fóra da comunidade universitaria. Incluíron obradoiros cuatrimestrais de fotografía, música, escrita, danza, teatro e guión, entre outras disciplinas e introduciuse como novidade a convocatoria de obradoiros sobre temas de proposta libre, cunha duración de entre 5, 10 e 15 horas, ofrecendo un espazo para a diversidade creativa. Foi un verdadeiro éxito de acollida, con preto de 150 solicitudes de propostas presentadas, das que foron seleccionadas 22, para realizar obradoiros no campus de Ferrol (Centro cultural universitario) como no da Coruña (NORMAL. Espazo de Intervención Cultural) participando neles persoas da comunidade universitaria como da cidadanía en xeral.

Realizáronse producións de pezas teatrais e de danza das actividades de aula de Teatro e Danza que foron representadas no Festival de Teatro Universitario da Coruña (FITEU), que compartiron escenarios coas au-

las das universidades de Santiago de Compostela e Vigo o 3, 11 e 12 de abril no Centro Ágora e no Fórum Metropolitano da cidade herculina.

Entre outubro e xuño, e con carácter quincenal, o Club de Lectura de NORMAL desenvolveu a súa actividade guiada pola escritora Antía Yáñez.

Dando continuidade ao acordo asinado coa Fundación María José Jove convocouse a IV Edición do Programa de Residencias Artísticas NORMAL-FMJJ. O obxectivo destas residencias, abertas a persoas de calquera nacionalidade ou procedencia xeográfica vinculadas ás artes visuais, é afondar nas relacións entre creación artística, pensamento crítico e participación social. Recibíronse 200 solicitudes procedentes de todo o mundo. As persoas que acadaron a residencia foron: Blanca Gracia, co proxecto “Yegua Nocturna” e Fermín Jiménez co proxecto “Arder a auga”.

Desenvolvéronse en Ferrol diversos rutas, que tiveron un grande éxito, celebrouse o Mes das Letras, con concerto de Chicharrón e recital da poetisa Rosalía Fernández Rial tanto en Ferrol como na Coruña (NORMAL). E como mostra de apoio como centro de intervención cultural, realizáronse diversas actividades en NORMAL como un ciclo de performance X de Corpos Presentes organizado por Sabela Mendoza, durante os meses de febreiro e marzo, unha conferencia de Javier Martín baixo o título “Oximórica. Ciencia, arte e performatividade”, colaborouse coa experiencia itinerante de creación visual en ambiente de transición e de paso de Videoarte en Movemento.

■ COMUNICACIÓN

Neste exercicio acometemos unha profunda reorganización dos recursos de comunicación da universidade co fin de dar maior visibilidade á divulgación científi-

ca e cultural e ás iniciativas promovidas pola propia comunidade universitaria. Para iso, reestruturáronse equipos e metodoloxías de traballo, impulsáronse contidos audiovisuais en diversos formatos e se renovaron mensaxes e canles dixitais para garantir un achegamento máis claro, atractivo e efectivo aos distintos públicos. Ademais, esta nova configuración facilitou unha maior participación e colaboración entre persoas investigadoras, estudantado e persoal de xestión.

■ NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O Servizo de Normalización Lingüística (SNL) ten como misión principal potenciar o uso da lingua galega entre a comunidade universitaria, logo de detectar os sectores, os ámbitos e as unidades dos servizos onde o seu emprego é menos frecuente. Igualmente, o SNL tenta contribuír á mellora da calidade da lingua galega e á súa homoxeneidade nos usos que se realizan desde a institución universitaria.

Asesorar en materia lingüística e terminolóxica. A este respecto, ao longo de 2024, procesou case 4 000 páxinas, entre revisión e tradución, que procedían tanto de alumnado, como do PDI e do persoal de administración.

O SNL convocou en 2024, o Curso de Actualización de Competencias Lingüísticas, a que asistiron 21 docentes e o Curso Superior de Competencias Lingüística, con 22 asistentes do PDI. Ambos os cursos de 30 horas de duración desenvolvéronse en liña a través do Campus Virtual. O propósito destes cursos, de carácter voluntario, é procurar a competencia e as destrezas lingüísticas necesarias para lograr unha comunicación áxil nunha lingua galega de calidade.

Xestionou actividades de dinamización lingüística. Neste 2024 desenvolveuse en Carballo o XVII Curso

sobre Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua nas Redes Sociais que organizou este servizo en colaboración co Concello de Carballo e con financiamento da Secretaría Xeral da Lingua da Xunta de Galicia. Este curso centrouse en fomentar e analizar o uso da lingua a través das redes sociais e nas ferramentas para a transmitirmos desde diversos ámbitos derivados do binomio sociedade e tecnoloxías.

Facilitou axudas económicas. En xullo de 2024 publicou a Convocatoria de axudas á investigación en lingua galega (teses de doutoramento, traballos de fin de máster (TFM) e traballos de fin de grao (TFG). As axudas a que se refire, tanto económicas como de asesoramento, son para redactar e defender en lingua galega teses de doutoramento, traballos de fin de máster e traballos de fin de grao. Accederon 116 estudantes de TFG, 32 estudantes de traballo de fin de máster, mais unicamente unha persoa solicitou a axuda por defender nesta lingua a tese de doutoramento, neste caso do ámbito do dereito.

Realizouse o traballo de campo para o estudo sobre o coñecemento e uso do galego na UDC (estudo sociolingüístico) Comparativo 2005-2025. Para o cal se levaron a cabo arredor de 1300 enquisas na comunidade universitaria.

■ RESPONSABILIDADE SOCIAL

A UDC Saudable estivo a traballar e aprobou en 2024 o Plan de vida saudable e benestar: un compromiso coa comunidade 2025-2030 que establece as liñas prioritarias en materia de saúde e benestar da comunidade universitaria para ese período. Así, o plan dividiuse en 6 eixos, promoción do benestar biopsicosocial especialmente centrado na prevención das disfuncións da saúde mental; promoción da alimentación saudable, sostible e solidaria; mulleres e saúde; rutinas, ocupacións e xestión do tempo; visibilización,

concienciación e colaboración; e gobernanza e participación.

Ademais, durante o ano 2024 asináronse cinco novos convenios (A Ciencia é Feminino, Autismo Galiza, LQDVI-Lo que de verdade importa, Asociación Coruñesa de Epilepsia a ASCM) e ofreceuse un amplo abano de conferencias, exposicións e infografías relacionadas con estas e outras temáticas, así como a participación en programas de radio e no boletín da UDC Saudable. A UDC Saudable consolidou a súa colaboración coa plataforma One Health, e continuou a colaborar cos programas Green Campus, entre outras oficinas, unidades e servizos UDC e coa Rede de Entidades UDC Saudable. Tamén se consolida a Escola de Alimentación UDC Saudable.

O X Outubro UDC Saudable foi co-organizado e liderado pola Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol e participaron a metade das facultades e escolas e das oficinas, unidades e servizos da UDC e 14 entidades da Rede de Entidades UDC Saudable cunha oferta de 70 eventos para a comunidade universitaria e a sociedade.

Por último, entre o máis relevante, estívoase a traballar coa Asociación Española contra o Cancro (AECC) e cun grupo de traballo constituído por representantes de toda a comunidade universitaria na normativa de Campus sen Fume, así como no ámbito nacional concretando nesta materia un Plan estratéxico universitario de ámbito nacional.

O programa de atención psicolóxica á comunidade universitaria Afrontemos, dirixido a quen poida estar pasando por unha situación de crise psicolóxica, é un servizo gratuíto da UDC a que se pode acceder de xeito presencial ou en liña. Desde a súa posta en funcionamento a finais de 2020 atendeu 402 persoas da comunidade universitaria. Esta anualidade 2024 atendeu 107 persoas, das cales 45 foron atendidas de xeito presencial e 62 en modalidade en liña.

O programa evolucionou de xeito moi positivo nos últimos anos, reforzándose de xeito importante tanto en medios como en visibilidade a través dunha nova páxina web, de tal maneira que non houbo lista de espera e todas as citas foron atendidas nun período inferior a 10 días. O perfil das persoas atendidas foi dun 96 % estudantado, 2 % PDI e 2 % PTXAS. A maior parte das persoas atendidas amosaron un perfil de ansiedade clínica relacionada con algunha situación de crise. Cabe salientar que nesta anualidade se puxeron en marcha uns obradoiros psicoeducativos dirixidos a toda a comunidade universitaria onde se traballaron temas como a xestión da ansiedade, as relacións tóxicas ou os primeiros auxilios en saúde mental. Tamén se puxo en marcha unha breve guía de actuación á que se pode acceder desde a páxina web de Afrontemos e que nos permite saber como actuar cando detectemos unha situación de crise ou emerxencia nunha persoa do noso contorno.

O título propio “Espazo Compartido: autonomía e empregabilidade para persoas con discapacidade intelectual” desenvolveu no curso 2023/24 o seu nivel inicial. Esta promoción estivo formada por 16 estudantes que cursaron as materias teóricas e prácticas do título e ademais participaron en materias impartidas noutros títulos oficiais da Universidade da Coruña. O alumnado realizou as prácticas formativas en diferentes facultades e centros de investigación dos campus da Universidade da Coruña. Tamén se realizou un intercambio co programa homólogo (Uni-Diversidad) da Universidade de Salamanca e recibíuse unha visita do alumnado do mesmo programa da Universidade Miguel Hernández de Elche. Así mesmo, levouse a cabo a segunda edición do Campus de Verano “Gallaecia: máis que compartir...convivir” para persoas con discapacidade intelectual e/ou trastorno do espectro autista. No curso 2024/25 estase a desenvolver o nivel avanzado do título.

A Clínica Xurídica Xustiza Social forma parte da rede de Clínicas Xurídicas españolas, formada por 22 uni-

versidades. Trátase de espazos universitarios en que se lle ofrece ao estudantado a posibilidade de traballar en casos reais poñendo os seus coñecementos ao servizo de persoas en situación vulnerable. Así, en 2024 participaron 4 estudantes no proxecto co cárcere de Teixeira, 4 estudantes no proxecto con Cáritas, 2 persoas na colaboración co consorcio das Mariñas e 1 na Fundación Paideia.

■ CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL

O Campus Industrial de Ferrol, primeiro campus de especialización do Sistema Universitario Galego renovou a súa especialización por un período de 4 anos que abranguen desde marzo de 2024 ata marzo de 2028. Así acadou un financiamento de 6,6 millóns de euros para este período que permitirá seguir traballando en distintas accións nos eidos de investigación, transferencia, docencia, internacionalización, comunicación e gobernanza dentro das súas liñas estratéxicas.

Así, no eido da investigación financiouse a contratación de 2 investigadores predoctorais e 2 posdoctorais que se sumaron aos 4 contratos posdoctorais e 10 predoctorais vixentes neste momento. Convócanse axudas para publicacións en aberto, bolsas de verán e financiáronse 14 solicitudes de equipamento científico. Tamén se financiou a estadía de 8 investigadores estranxeiros. No eido da transferencia organizáronse distintas xornadas con empresa, a destacar a xornada de moda, a de videoxogos e o Hackathon Navantia NexPioneers que celebrou a súa cuarta edición. Tamén se celebrou unha Feira de empresas á que acudiron máis de 40 empresas. Na parte de internacionalización financiáronse 9 mobilidades de persoal investigador e 9 becas presenciais e 2 en liña para cursar distintos másteres do campus. En referencia á docencia, financiáronse 46 seminarios especializados impartidos por profesionais da industria nas distintas titulacións e publicáronse unha

convocatoria de formación de profesorado nas novas titulacións e outra de mobilidade nacional.

■ COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO

A Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) constrúe cidadanía crítica mediante un amplo programa de accións formativas e de sensibilización. Traballa a prol dos dereitos humanos e a xustiza social a través dunha convocatoria de educación para o desenvolvemento e coordinando 20 proxectos propios de voluntariado no eido sanitario, da sensibilización, da diversidade funcional, de maiores, en penitenciarías, de inmigración e de menores con 102 estudantes participantes. Ademais disto, promociona a metodoloxía de aprendizaxe-servizo entre a comunidade universitaria. No ano 2024, participaron un total de 2 116 estudantes en proxectos avaliados pola comisión de Aprendizaxe e Servizo.

A OCV ofertou este ano 14 bolsas para persoas refuxiadas, en situación de protección internacional ou que proceden de países que reciben axuda oficial ao desenvolvemento, para que continúen ou inicien os


seus estudos superiores na UDC. Nesta liña, tamén favorecemos os encontros virtuais entre alumnado da Universidade Autónoma de Honduras e da UDC para o intercambio de coñecemento.

Facilita o coñecemento doutras realidades a través de bolsas no eido da cooperación ao desenvolvemento, neste ano 2024 foron 7 alumnas e 2 PDI as persoas que se desprazaron ao terreo. Por outra banda, lidera o traballo de elaboración dunha estratexia común na UDC para a execución da Axenda 2030 e a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible, para o que nos reunimos cos diferentes servizos da UDC.

En canto á formación, cómpre unha mención singular para as diferentes xornadas de sensibilización e formativas en materia de inmigración, persoas refuxiadas, persoas sen fogar ou educación para o desenvolvemento etc., que se levan a cabo ao longo do ano e nas que participaron 222 persoas, ademais dos cursos propios de formación para o voluntariado de nova incorporación.

Ricardo Cao Abad


Reitor da Universidade da Coruña



01A UDC en cifras / 2024

A UDC en cifras / 2024

	Curso 2024/2025	Curso 2023/2024
	2024	2023
Orzamento	184.394.158,26	168.442.809,17
Centros	23	23
• Facultades	15	15
• Escolas técnicas superiores	3	3
• Escolas politécnicas	1	2
• Escolas universitarias propias	2	3
• Escolas universitarias adscritas	2	2
Departamentos	26	26
Institutos	6	6
Centros tecnolóxicos de investigación	7	7
Titulacións oficiais (Graos e Másteres)	112	109
• Graos	47	47
• Programas de simultaneidade	7	7
Másteres	65	62
Programas de doutoramento	39	39
Títulos propios de posgrao (Estudios propios) (2023/2024)	16	23
Persoal docente e investigador (PDI)	1.456	1.426
Persoal de Admón. e Servizos	778	788
Ratio PDI por cada PTXAS	1,87	1,81
Matrícula total (grao + máster + doutoramento)	17.481	17.304
Estudiantes de grao	13.915	13.746
• Campus da Coruña	11.715	11.618
• Campus de Ferrol	2.200	2.128
Alumnado de novo ingreso en grao	3.508	3.504
Estudiantes de máster	2.352	2.298
Estudiantes de doutoramento	1.214	1.260
Estudiantes en títulos propios (2023/2024)	120	212
Titulados en graos oficiais	2.191	2.077
Titulados en másteres oficiais	1.135	1.126
Teses de doutoramento	135	109
Mobilidade estudantes saíntes	344	352
Mobilidade estudantes entrantes	618	584
Ratio n.º estudantes por cada PTXAS	22,47	21,96
Ratio n.º estudantes por cada PDI	12,01	12,13
Alumnado Universidade Sénior	944	940
Grupos de investigación	129	127
Proxectos de investigación competitivos	75	86
Convenios/contratos de investigación	279	248
Financiamento externo para investigación	22.150.833	14.703.697
Patentes tramitadas	2	6
Gasto en fondos bibliográficos e documentais	2.424.292,56	2.432.028,35
Alumnado do Centro de Linguas	877	783
Número de convenios asinados	1.205	803




02 Órganos de Gobierno

ÍNDICE

página

• Equipo reitoral.....	4
• Secretaría Xeral.....	5
• Xerencia.....	5
• Claustro.....	6
– Principais acordos do Claustro Universitario	8
• Consello Social.....	9
• Valedora Universitaria.....	9
• Consello de Goberno.....	10
– Principais acordos do Consello de Goberno	11



Equipo reitoral

Reitoría

Ricardo Cao Abad

URL

<http://www.udc.es/reitor>

Correo-e

reitor@udc.gal

Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte

Mª Cristina Naya Riveiro

URL

https://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vdcd/

Correo-e

vdcd@udc.gal

Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica

Ángel Fernández Castro

URL

http://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vepes/

Correo-e

vepes@udc.gal

Vicerreitoría de Estudiantes e Empregabilidade

María José Lombardía Cortiña

URL

https://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vee/

Correo-e

vee@udc.gal

Vicerreitoría de Igualdade e Diversidade

Cristina López Villar

URL

https://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vid/

Correo-e

vid@udc.gal

Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade

Sonia Vázquez Díaz

URL

http://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vis/

Correo-e

vis@udc.gal

Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización

Moisés Canle López

URL

https://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vti/

Correo-e

vti@udc.gal

Vicerreitoría de Investigación e Transferencia

Jerónimo Puertas Agudo

URL

https://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vit/

Correo-e

vit@udc.gal

Vicerreitoría de Profesorado

Teresa López Fernández

URL

https://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vp/

Correo-e

vp@udc.gal

Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

Ana Isabel Ares Pernas

URL

http://www.udc.es/goberno/equipo_reitoral/vcfrs/

Correo-e

vcfrs@udc.gal

Secretaría Xeral

Secretaría Xeral	URL	Correo-e
Marta García Pérez	https://www.udc.es/gobierno/equipo_reitoral/secretaria/	secretaria.xeral@udc.gal

Xerencia

Xerenta	URL de Xerencia	Correo-e
María Jesús Grela Barreiro	http://www.udc.es/gobierno/equipo_reitoral/xerencia/	xerencia@udc.gal
Vicexerenta de Economía e Finanzas		
Ana Lozano Del Río	http://www.udc.es/gobierno/equipo_reitoral/xerencia/	vicexerencia.finanzas@udc.gal
Vicexerenta do Campus de Ferrol		
María Jesús Caínzos López	http://www.udc.es/gobierno/equipo_reitoral/xerencia/	vicexerencia.ferrol@udc.gal
Vicexerenta de Xestión da Investigación		
Yolanda Calaza Parajes	http://www.udc.es/gobierno/equipo_reitoral/vit/	vicexerencia.xestion.investigacion@udc.gal

Claustro Universitario

Membros natos	Fernando De Llano Paz	Rosa María Mariz Pérez
Reitor	Jorge José Delgado Martín	Fernando Martínez Abella
Ricardo José Cao Abad	Vicente Díaz Casás	Montserrat Martínez Cebeira
Secretaría Xeral	Ana María Díaz Díaz	Sandra Martínez Costa
Marta García Pérez	Raquel Díaz Seijas	Andrés Martínez Lage
Xerente	Montserrat Domínguez Pérez	María Isabel Martínez Lage
María Jesús Grela Barreiro	Montserrat Durán Bouza	Virginia Mato Abad
Representantes dos profesores doutores con vinculación permanente	Sergio Eduardo Santos Del Riego	José María Mesías Lema
Miguel Alberto Abelleira Doldán	Anne Marie Elisabeth Gosset	Jesús Mirás Araujo
María Esperanza Acín Villa	David Esteban Gómez	Estefanía Mourelle Espasandín
María Pilar Álvarez Barbeito	María Graciela Estévez Pérez	Fermín Luis Navarrina Martínez
María América Álvarez Domínguez	José Manuel Estévez Saá	Horacio Naveira Fachal
Natalia Álvarez Lata	Alberto Ángel Fernández López	Salvador Naya Fernández
José Manuel Amado Paz	Enrique Fernández Blanco	María Cristina Naya Riveiro
Margarita Amor López	Carlos Fernández Lozano	Ana María Neira Pena
José Anta Álvarez	Nuria Fernández Rodríguez	Jorge Novo Buján
Pablo Arias Rodríguez	Jesús José Fernández Sánchez	José Javier Orosa González
Pedro Ramón Armas Diéguez	Óscar Fontenla Romero	Marcos Ortega Hortas
Ángel Daniel Arós Rodríguez	Emilia Luísa García Arthus	José París López
Adriana Ivette Ávila Álvarez	María del Pilar García de la Torre	Gustavo Paseiro Ares
José Manuel Barreiro Viñán	Cristina García Fontán	Óscar Pedreira Fernández
Amalia Blanco Louro	Ricardo Antonio García Mira	Fernando Peña López
Félix Sergio Blázquez Lozano	Moisés Alberto García Núñez	Juan Luís Pérez Ordóñez
Juan José Bueno Aguilar	Manuel García Torre	Yolanda Pérez Sánchez
José Manuel Busto Lago	Sonia García Vázquez	Gilberto Pérez Vega
Mariano Javier Cabrero Canosa	José Ramón Garitaonandía de Vera	Manuel Pimentel Pereira
Fidel Cacheda Seijo	Manuel Alberto Gómez Suárez	Andrés José Piñón Pazos
Domingo Javier Calvo Dopico	Joaquín Fernando Gómez Varela	Carlos Platas Iglesias
José Luis Calvo Rolle	María González Taboada	Federico Pomar Barbeito
Carolina Camba Fabal	Luis Hermida González	Luz María Puente Aba
Moisés Canle López	Luis María Hervella Nieto	Nuria Rebollo Quintela
Ricardo José Cao Abad	Ana María Iglesias Galdó	Carmen Rioboo Blanco
Xosé Manuel Carril Vázquez	María Amalia Jácome Pumar	Rosa Ríos Prado
Luís Castedo Ribas	Carmen Socorro Lema Fernández	Juan Casto Rivadulla Fernández
Laura Milagros Castro Souto	Marcos Lema Rodríguez	Juan Carlos Rivadulla López
Ignacio Colominas Ezponda	Plácido Lizancos Mora	María Luisa Rodicio García
Félix Córdoba Rodríguez	María Teresa López Fernández	María Esther Rodríguez Belmonte
Ángel Martín Costa Rial	Francisco Javier López Rivadulla	Beatriz Rodríguez Romero
Adriana Dapena Janeiro	José López Rodríguez	Santiago Rodríguez Yáñez
Enrique Juan de la Torre Fernández	Cristina López Villar	Manuel Romero Gómez
Carmen De Labra Pinedo	Margarita Lorenzo Durán	Carolina Rosende Bautista
	María Jesús Lorenzo Modia	María Begoña Rumbo Arcas

Miguel Ángel Saavedra García	Alsira Salgado Don	Vanessa Parente González
Ana Sánchez Bello	Roberto Suárez Brandariz	Rubén Pérez Jove
María Noelia Sánchez Maroño	Daniel Torrecilla Cillero	Pablo Rey Rodríguez
Xosé Manuel Sánchez Rei	Tirso Varela Rodeiro	Martiño Rivera Dourado
María Luisa Sánchez Simón	Inés Viana Moldes	Leandro Alejo Rodríguez Álvarez
Araceli Serantes Pazos	Tania Vieites Lestón	Irene Rodríguez Ríos
María José Servia García	Ana María Vázquez González	Pablo Rodríguez Pérez
Eva María Souto García	Inés Viana Moldes	Carolina Rodríguez Llorente
Juan Alberto Sucasas Peón	Tania Vieites Lestón	Gemma Rojo López
María José Tobar Vidal	Representantes do estudantado	Carmen Sanmartín Fraga
María Belén Toja Reboredo	Lucía Agrelo Martínez	Laura Sueiro Méndez
Juan Touriño Domínguez	Brais Alonso Taibo	Carlos Torres Paz
Alberto Valderruten Vidal	Carlos Teodoro Álvarez Fínez	Isidro Vigo Tarrío
Francisco Alberto Varela García	María Bañón Goiriz	Miriam Vilarnovo Allal
Nancy Josefina Vázquez Veiga	Carla Berbia Castro	José Zar Varela
Luis Ángel Veiga Fernández	Francisco Enrique Blanco Ameijenda	Miriam Vilarnovo Allal
Concepción Vidal Martín	Sara Violeta Bouzada Novoa	José Zar Varela
María Teresa Vilariño Barreiro	Alba Bueses Suárez	Representantes do persoal de administración e servizos
Armando José Yáñez Casal	Leadly Marcela Calle Cristancho	Rocío Blanco Pensado
Representantes das restantes categorías do persoal docente e investigador	Sergio Cascudo Barros	Yolanda Calvo Díaz
Pablo Manuel Barbeito Amigo	Uxía Catoira Sabrojo	Alicia María Cantarero Roldán
Pedro Gil Manso	Valeria Oliva Cousillas Carrera	José Antonio Caramés Ríos
María Dolores Fátima Candedo Gunturiz	Jaime Delgado Naya	Susana Carballal Graña
Nereida María Canosa Domínguez	Laura Escobar Ocampo	Manuel Costa Fernández
Noelia Collado Rodríguez	David Esperante Rodríguez	Víctor Da Lama Novoa
Patricia Comesaña Comesaña	Alejandro Esteban Martínez	María Amelia Fraga Mosquera
Lucía Couceiro López	David Fernández Álvarez	Alejandro Wenceslao García Zapata
Cristóbal Crespo González	Alejandro Fernández Aradas	Cristina Carmen González Nóvoa
Gerardo Domínguez Feijoo	Fabio Ferreira Bestilleiro	Javier López Domínguez
Sara Ferreiro González	Miguel Fidalgo Rodríguez	Ana María López Pampín
Acacia Naves García-Rendueles	Ana Fraile Somoza	Xaquín Lores Torres
Tania Gómez Sánchez	Marcos Galeote Merchán	Vanessa Loureiro Vázquez
Manuel González Sarceda	Jaime García Álvarez	María Teresa Mato Pintané
Jorge Ledo Martínez	David García Mayobre	María Fe Mella Pérez
Ángeles María Longarela Ares	Pedro Gil Arregui	Vanessa Míguez Martín
José María Losada López	Nicolás Iglesias Cabrejas	Roberto Joaquín Nuez Sánchez
Elena Martín Cancela	Seny Kebe	Juan Manuel Pernas Ladra
Lúa Samantha Pena Peña	Raquel Larrosa Mariño	Rosa María Reinoso Justo
Manuel José Pombo Fernández	Rocío Lojo Yáñez	Laura Luísa Rodríguez Vázquez
Luís Miguel Puente Castelo	Maria Luelmo Flores	Rubén Romero Rozas
Isabel Raposo Vidal	Alejandro Mayorga Redondo	Francisco Javier Romero Sánchez
Enrique Rodríguez García	Miguel Mosquera García	Lidia Suárez Fernández
Emma Rodríguez Maseda	David Muñiz Loira	María Jesús Torres Labandeira
José Rouco Maseda	Alfredo Alejandro Orozco Vigil	

Principais acordos do Claustro Universitario en 2024

Claustro do 17 de abril de 2024


- Aprobación da Memoria de xestión do Reitor 2023.

Claustro do 29 outubro de 2024

- Ratificación do acordo da Mesa do Claustro polo que se nomea Doutora Honoris Causa a Dona Emilia Casas Baamonde.
- Aprobación da designación dos membros da Comisión de Convivencia.
- Aprobación da designación dos membros dos Grupos de Traballo para abordar a primeira fase da reforma estatutaria para a adaptación dos Estatutos á LOSU.

Claustro do 03 de decembro de 2024

- Aprobación da revogación da delegación de competencias á Mesa do Claustro para a aprobación das propostas de concesión do Grao de Doutor/a Honoris Causa.
- Aprobación das liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria.



Consello Social

Presidencia	María Luisa Cid Castro
Antonio Abril Abadín	Emilio Bruquetas Serantes
Membros natos	José Luis Veiga Castiblánquez
Ricardo Cao Abad (reitor)	Gonzalo Ortiz Amor
Marta García Pérez (secretaria xeral)	Designados polos sindicatos
María Jesús Grela Barreiro (xerenta)	María José Calvo Orgeira
Representantes do Consello de Goberno	Andrés Marcos García
Jerónimo Puertas Agudo (profesorado)	Camilo Pardo López
Valeria Oliva Cousillas Carrera (estudantado)	Designados polas organizacións empresariais
Javier López Domínguez (PTXAS)	Antonio Fontenla Ramil
Designados polo Parlamento de Galicia	María Teresa Valdés Blanco-Rajoy
Mar Barcón Sánchez	Clara de Lorenzo Rodríguez
María Xosé Bravo San José	Andrés Lucendo Monedero
Jaime Fernández-Obanza Carro	Designados polas corporacións locais
María Montalvo Freire	Patricia María Cons Formoso
Natalia Barreiro Mata	Juan Ignacio Borrego Vázquez
Inmaculada Rodríguez Cuervo	Designados polos colexios profesionais
Designados pola Xunta de Galicia	José María Arrojo Fernández
Telesforo Veiga Rial	Secretario Consello Social
Jesús Navazo Ruiz	Jesús Spósito Prado

Valedora Universitaria

Valedora	URL	Correo-e
Ana D. Tarrío Tobar	http://www.udc.es/gobierno/organos_colexiados_e_estatutarios/valedor_universitario/	valedora@udc.gal

Consello de Goberno

Membros natos

Ricardo José Cao Abad (reitor)

Marta García Pérez (secretaria xeral)

María Jesús Grela Barreiro (xerenta)

Miembros designados polo reitor

Miguel Alberto Abelleira Doldán

Ana Isabel Ares Pernas

Mariano Cabrero Canosa

Ángel Santiago Fernández Castro

María José Lombardía Cortiña

Javier López Domínguez

Cristina López Villar

Rosa María Mariz Pérez

Ramón Muíño Boedo

María Cristina Naya Riveiro

Andrés José Piñón Pazos

Jerónimo Puertas Agudo

Martiño Rivera Dourado

Laura Sueiro Méndez

María Sonia Vázquez Díaz

Designados polo Claustro

Profesorado doutor con vinculación permanente

Margarita Amor López

José Manuel Busto Lago

Moisés Canle López

Laura Milagros Castro Souto

Enrique Fernández Blanco

Ricardo Antonio García Mira

Carmen Socorro Lema Fernández

María Teresa López Fernández

Fermín Luis Navarrina Martínez

Carolina Rosende Bautista

Restantes categorías do PDI

Alsira Salgado Don

Daniel Torrecilla Cillero

Estudantado

Lucía Agrelo Martínez

Francisco Enrique Blanco Ameijenda

Gema Castro Andrade

Uxía Catoira Sabrojo

Valeria Oliva Cousillas Carrera

Irene Rodríguez Ríos

Persoal técnico de xestión e de administración e servizos

Alicia María Cantarero Roldán

Laura Luisa Rodríguez Vázquez

Representantes decanos e directores centros, departamentos e institutos

Adriana Ivette Ávila Álvarez

Félix Sergio Blázquez Lozano

José Luis Calvo Rolle

Félix Córdoba Rodríguez

Vicente Díaz Casás

Xurxo Dopico Calvo

Andrés Martínez Lage

María Isabel Martínez Lage

Jesús Miguel Muñoz Cantero

Gabriela Alexandra Oanta Oanta

Manuel Romero Gómez

Ana Sánchez Bello

Sonia Souto Camba

Francisco Alberto Varela García

Carlos Vázquez Cendón

Representantes do Consello Social

Jaime Fernández-Obanza Carro

Gonzalo Ortiz Amor

Inmaculada Rodríguez Cuervo

Principais acordos do Consello de Goberno en 2024

Consello de Goberno do 30 de xaneiro

- Aprobación da modificación non substancial do centro de impartición dos Programas Oficiais de Doutoramento.
- Aprobación da proposta de cobertura de prazas na Comisión de bibliotecas.

Consello de Goberno do 01 de marzo

- Aprobación da proposta de Oferta de Emprego Público do PDI do ano 2024.
- Aprobación da proposta do procedemento para a elaboración do Plan Docente Anual (PDA) 2024/2025.
- Aprobación da proposta de autorización da RPT 2023.

Consello de Goberno do 21 de marzo

- Aprobación do nomeamento de Valeria Oliva Coussillas Carrera como representante da Universidade da Coruña no Consello de Estudantes Universitario do Estado (CEUNE).
- Aprobación da modificación do acordo do Consello de Goberno do 03/11/2022 relativo ás medidas de aforro enerxético e redución do impacto medioambiental de aplicación do artigo 30 do Real decreto Lei 14/2022, do 1 de agosto.
- Aprobación do acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao do Sistema Universitario de Galicia. Curso 2024-2025.
- Aprobación do Calendario académico da Universidade da Coruña para o curso 2024/2025.
- Aprobación da Proposta do límite de prazas para o curso académico 2024/2025.
- Aprobación do Calendario para a tramitación de modificacións non substanciais dos títulos de grao e másteres oficiais da Universidade da Coruña impartidos en centros acreditados institucionalmente – Implantación curso 2024/2025.

- Aprobación da constitución da Comisión Técnica da UDC Saudable.

Consello de Goberno do 30 de abril

- Aprobación da modificación da relación de postos de traballo do Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos da Universidade da Coruña .
- Aprobación da Normativa que regula a modalidade docente dos estudos da UDC segundo a súa presencialidade.
- Aprobación da composición da Comisión de Estudos Propios.
- Aprobación da Edición 14 do Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC.
- Aprobación da XIII convocatoria para avaliar a actividade docente do profesorado da Universidade da Coruña (Programa Docentia) para o curso académico 2023/24.
- Aprobación da creación de seccións departamentais do Departamento de Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación.
- Aprobación da Instrución 1/2024-2025, da Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade e da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, mediante a que se establece o procedemento de asignación das prazas vacantes e os seus prezos públicos nas residencias públicas universitarias da Universidade da Coruña (UDC).

Consello de Goberno do 05 de xuño

- Aprobación da designación dos representantes do Consello de Goberno no Padroado da FUAC.
- Aprobación da doazón do legado bibliográfico de Siro López Lorenzo.
- Aprobación do Regulamento de Consello de Goberno dos Programas de Graos Abertos na UDC.
- Aprobación das propostas de modificacións non substanciais de planos de estudos impartidos en

centros acreditados institucionalmente para a súa implantación no curso 2024/2025.

- Aprobación da proposta de estudos propios aprobados na reunión da Comisión de Estudos Propios do día 28/05/2024.
- Aprobación do Calendario de admisión e matrícula en estudos de doutoramento 2024/2025.
- Aprobación do Regulamento de contratación de persoal laboral no capítulo 6 para proxectos, axudas e convenios de investigación e transferencia de coñecemento.
- Aprobación do Regulamento polo que se establecen os criterios para o desenvolvemento das Oferta de Emprego Público do Persoal Docente e Investigador da UDC.
- Aprobación dos Criterios para a selección de áreas de coñecemento de cara á convocatoria de prazas de Axudante Doutor/a con fin de estabilizar o emprego temporal.
- Aprobación da Modificación das Normas de adaptación dos procedementos de selección de PDI á Lei Orgánica do Sistema Universitario (LOSU) e á súa normativa de desenvolvemento.

Consello de Goberno do 26 de xuño

- Aprobación das propostas de novas titulacións e modificacións substanciais de títulos universitarios oficiais de grao e máster para a súa implantación no curso 2025/26.
- Aprobación das modificacións substanciais de títulos universitarios oficiais de doutoramento para a súa implantación no curso 2025/26.
- Aprobación do Manifesto "A UDC con Palestina".

Consello de Goberno do 18 de xullo

- Aprobación da proposta de cesión de uso por parte dunha entidade do sector audiovisual dun espazo na Fábrica de Armas.
- Aprobación da designación do representante do Consello de Goberno no Consello Reitor do CITIC.
- Outorgamento de autorización, para a creación da spin off Artefacto Arteducación, S.L. e adquisición de 150 participacións do capital social.

- Aprobación das Normas de Admisión e Matrícula no Estudos de Doutoramento da UDC. Curso 2024/25.
- Aprobación do Regulamento de organización e funcionamento do Servizo de Biblioteca da UDC.
- Aprobación da Normativa que regula a progresión e a permanencia do estudantado de grao e máster universitario na Universidade da Coruña.
- Aprobación do Regulamento da Comisión de Relacións Internacionais da Universidade da Coruña.
- Aprobación da Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña.

Consello de Goberno do 01 de outubro

- Aprobación da designación de Martiño Riveira Dourado e Laura Luisa Rodríguez Vázquez, como representantes do estudantado e do PTXAS, respectivamente, na Comisión de Relacións Internacionais.
- Aprobación da resolución do recurso de alzada contra os acordos adoptados pola Xunta de Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos.
- Aprobación da composición de grupos de traballo para abordar a adaptación dos vixentes estatutos da UDC á LOSU.
- Aprobación da doazón do legado bibliográfico de Cesar Coll Nuez.
- Aprobación dos procedementos para a tramitación de modificación substanciais e non substanciais dos planos de estudos de grao e máster na Universidade da Coruña.
- Aprobación dos calendarios para a tramitación de modificacións non substanciais dos títulos de grao e máster para a súa implantación no curso 2025/26.
- Aprobación do calendario para a tramitación de novas propostas e modificacións substanciais de titulacións de grao e máster oficiais para a súa implantación no curso 2026/27.
- Aprobación da designación de Sara Violeta Bouzada Novoa como representante do estudantado de 3º Ciclo na Comisión Editorial Académica.

- Aprobación do Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC.
- Aprobación do Programa de atracción de talento “berce para RyC” da UDC a través das axudas Ramón y Cajal.
- Aprobación da concesión de premios extraordinarios de Doutoramento. Convocatoria 2022-2023.

Consello de Goberno extraordinario do 14 de outubro

- Aprobación da solicitude dunha subvención nominativa da Deputación Provincial da Coruña destinada ao financiamento de accións relacionadas coa inclusión de persoas con discapacidade.
- Aprobación da solicitude dunha subvención nominativa da Deputación Provincial da Coruña destinada ao financiamento de actividades que se realizarán no Campus de Ferrol.

Consello de Goberno extraordinario do 28 de outubro

- Aprobación da designación de María José Lombardía como membro do Padroado da FUAC.
- Aprobación da proposta de modificación substancial de títulos universitarios oficiais de grao e máster para a súa implantación no curso 2025/2026.
- Aprobación do Calendario de novas propostas ou modificación substanciais de programas de Doutoramento para a súa implementación no 2026-2027.

Consello de Goberno do 07 de novembro

- Aprobación do Acordo sobre o modelo de Gobernanza do proxecto Cidade das TIC: aportación da UDC á sociedade xestora da Cidade das TIC; aprobación dos estatutos da sociedade xestora; e designación dos/as representantes da UDC no Consello de Administración e no Consello Asesor da sociedade xestora.
- Aprobación da designación de Valeria Oliva Coussillas Carrera como representante do estudantado no Consello Social.
- Aprobación do Plan de Vida Saudable e benestar da Universidade da Coruña.

- Aprobación da doazón de equipos para a ampliación da infraestrutura da Unidade de Experimentación Animal do CICA, por parte do Laboratory Animal Services Center (LASC) da Universidade de Zurich.
- Aprobación do Regulamento da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade da Coruña.
- Aprobación da modificación do Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC.
- Aprobación da designación de María Amalia Jácome Pumar, adxunta de Investigación da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia como representante do Consello de Goberno da UDC no Consello Reitor do CICA.
- Aprobación da designación de María Sonia Vázquez Díaz, vicerreitora de Infraestruturas e Sustentabilidade como representante do Consello de Goberno da UDC no Consello Reitor do CITEEC.
- Aprobación da designación de Ana Isabel Ares Pernas, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, representante do Consello de Goberno da UDC no Consello Reitor do CITENI.
- Aprobación da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador.
- Aprobación das Contas anuais 2023 da Universidade da Coruña.

Consello de Goberno extraordinario do 02 de decembro


- Aprobación das propostas de novas titulacións e modificación substanciais de planos de estudos de titulacións oficiais de grao e máster para a súa implantación no curso 2026/2027.
- Aprobación das propostas de modificacións non substanciais de planos de estudos de titulacións oficiais de grao e máster para a súa implantación no curso 2025/2026.
- Aprobación da proposta de verificación do Máster Universitario en Física e Enxeñaría da Materia Branda. Materiais Complexos /Interuniversity Master's Degree in Physics and Engineering of Soft Matter. Complex Materials pola Universidade da Coruña e

a Université de París Cité para a súa implantación no curso 2025/2026.

- Aprobación da Normativa sobre a avaliación de méritos docentes do profesorado universitario.

Consello de Goberno do 19 de decembro


- Aprobación da designación como representantes do PDI, de Ana Sánchez Bello na Comisión de Organización Académica e Profesorado e de Rosa María Mariz Pérez na Comisión de Planos de Estudos.
